



Ribeira Sacra
CONSORCIO DE TURISMO

ESGRAFIADOS NA RIBEIRA SACRA





Esgrafiados na Ribeira Sacra

De tradición cultural a recurso turístico



XUNTA
DE GALICIA

galicia

Título

Esgrafiados na Ribeira Sacra. De tradición cultural a recurso turístico

Textos

Xosé Manuel Vázquez Rodríguez

Fotografías e deseños

Xosé Manuel Vázquez Rodríguez

Jan Matoška (sgraffito renacentista)

Nando Lardi (Engiadina)

Emirali Kokal (Pyrgi)

Leopold Brix (Gmünd)

Carola Sánchez (recuperacións, Campo e Montefurado;
e novas experimentacións, Castro Caldelas e Barxacova)
Cestola na Cachola (portada e labores en Castro Caldelas)

Composición

E. J. Garcia

Edita

Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra

Financia

Axencia de Turismo de Galicia. Xunta de Galicia

2017 © Das imaxes: os autores

2017 © Do texto: o autor

2017 © Da edición: Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra

Índice

Presentación. Presidente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra.....	7
Introdución. Por unha nova valorización dos revestimentos murais	9
A riqueza das construcións decoradas con cal na Ribeira Sacra	11
As datacións e soportes.....	14
Introducir o termo esgrafiado ou esgrafito en Galicia	19
A interpretación errada: do encintado a outras posibles denominacións.....	20
A narración da técnica de esgrafiar na Ribeira Sacra.....	32
Paralelismos nos revestimentos peninsulares.....	34
Os estudos contemporáneos sobre esgrafiados ou esgrafitos.....	46
O concepto: de encintar a esgrafiar.....	51

A continuidade dunha tradición cultural peninsular na Ribeira Sacra.....	57
Demarcacións territoriais nas decoracións con cal.....	59
O sgraffito dos centroeuropeos, italianos e gregos.....	60
O recoñecido esgrafiado do estilo modernista en Barcelona.....	62
A expansión motivada polas ordenanzas municipais en Segovia.....	65
O norte de Guadalaxara marca unha ruta diferente.....	70
Valdefuentes, orgullosa de manter os esgrafiados en Estremadura.....	71
Da Sierra de Francia ao noroeste de Salamanca.....	75
Por camiños de Zamora: de Alcañices a Seabra.....	80
Os esgrafitos en Portugal, do Alentejo a Bragança.....	85
Entramos en Galicia, con espertar no Bolo e Trives.....	88
O destacado florecemento na Ribeira Sacra.....	92
A prolongación na Ulloa arredor do Camiño de Santiago.....	95
Algunhas mostras espalladas polo Deza e Tabeirós-Terra de Montes.....	98
Decoracións dispersas desde o Carballiño até Verín.....	100
A especificidade das decoracións na Ribeira Sacra.....	103
A composición ou estrutura.....	106
Os motivos.....	107
O desenvolvemento da vírgula ou gota.....	111
Padróns locais, importados ou universais.....	114
A estética e formas mouriscas.....	115
Unha nova icona para o turismo da Ribeira Sacra: os esgrafiados.....	123
As funcións do revestimento decorado.....	124
A lectura: saber ver os esgrafiados.....	128
Esgrafitos e pintura mural.....	132
Itinerarios dos esgrafiados: patrimonio e turismo.....	135

Mostras visitables na Ribeira Sacra	141
Casa do Camiñas, no Campo (Taboada).....	142
Casa do Carteiro, en Montefurado (Quiroga).....	144
Praza da Torre, en Castro Caldelas.....	146
San Lourenzo de Barxacova (Parada de Sil).....	148
O testemuño dos impulsores	151
Remate. Presidente da Asociación Ribeira Sacra Rural.....	153



Pinol, en Sober



Fornas, en Chantada

Presentación

Hai uns 5 anos, case que de xeito anecdótico e falando de outros proxectos de posta en valor do patrimonio arquitectónico e etnográfico de Ribeira Sacra, chegou o investigador Xosé Manuel Vázquez á oficina do Consorcio da man de Francisco Almuíña; a xuntanza coa nosa xerente, Alexandra Seara, rematou amosando unha chea de fotografías de encintados decorativos da comarca. A ela pareceulle algo extraordinario por descoñecido, pero é certo que para os que crecemos e vivimos rodeados destas obras, tampouco parecía relevante ata que comezas a analizar o conxunto dos mesmos. Aí naceu a inquedanza do Consorcio polas técnicas decorativas con cal na Ribeira Sacra.

Daquelas non tiñamos orzamento para comezar a traballar sobre esta temática, pero a comezos de 2017 presentouse unha oportunidade. Tratábase dunha convocatoria de premios para proxectos de embelecemento de espazos no rural, promovido pola Axencia Turismo de Galicia. Animados pola súa directiva, e logo levar a cabo, en 2015 e 2016, exitosas intervencións de muralismo, que entendiamos perfectamente compatibles co traballo decorativo dos esgrafiados, botamos a camiñar. A preparación desa candidatura deu na formación dun equipo de traballo co que non podemos estar máis satisfeitos. Xosé Manuel, Xoana, Miguel, Raquel, Doa, Carola, Abraham, Francisco, Diego e Alexandra dedicaron horas e horas, de xeito voluntario, para presentar un proxecto en condicións. Non obtivemos o premio, pero o excelente traballo presentado fixo que non pasase desapercibido aos ollos da Axencia de Turismo, e que o pasado mes de setembro nos propuxese poñer en marcha unha primeira fase do proxecto, mediante a sinatura dun convenio que habería de estar executado e xustificado no mes de decembro.

Así ben, voltamos a reunir a ese equipo para comunicarlle a boa nova e comezar a traballar. A participación voltou a ser exemplar. Tiñamos que ser conscientes do apuro e da tempada invernal que se aveciñaba, sobre todo, para posibles accións materiais. Todos coincidiamos en que o primeiro era comezar pola contextualización e xustificación do que estabamos a propoñer. Por que poñer en valor os esgrafiados da Ribeira Sacra? Que teñen de especial?... Desta xustificación nace a presente publicación.

Tamén queriamos actuar, deixar unha pegada material do proxecto. Novas intervencións ou recuperación de algunhas das máis deterioradas? Por que non ambas? E como podemos sensibilizar á poboación local?...

Chegou este convenio no mellor momento, pois os esgrafiados comezaban a ser timidamente recoñecidos coa axuda das redes sociais. Por exemplo, Mar López, como afeccionada á fotografía, a través do seu blog, conseguiu amosar algúns exemplos dese amplo catálogo que Xosé Manuel nos presentara anos atrás.

É unha honra para min poder presentar o traballo que contemplaredes nas próximas páxinas.

Luís Fernández Guitián

Presidente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra



Cristosende, A Teixeira

Introdución

Por unha nova valorización dos revestimentos murais

Para que a comunidade tome en consideración unha proposta de activación patrimonial, destinada á poboación local e a usos turísticos, como son as decoracións con cal na Ribeira Sacra e arredor dos Camiños de Santiago, debemos comezar polo estudo e divulgación do legado cultural. Do mesmo xeito que antes se fixo co cultivo do viño, as vías de peregrinación a Compostela ou a arte románica na mesma área, precisamos primeiro acreditar nas nosas capacidades e logo

dar a coñecer os propios recursos. Trátase de que, tanto a veciñanza como os potenciais visitantes poidan aproveitar e afonden, segundo as súas necesidades e aspiracións de coñecemento e de lecer, na cultura e nos valores patrimoniais que presenta o territorio.

As conclusións do achado, que ofreceremos como publicación aberta, van unidas á recuperación de edificacións singulares e accesibles en

núcleos de considerable interese turístico, e á necesaria experimentación, executando novas ornamentacións murais decoradas con cal. As obras restauradas e as novas realizacións serán difundidas como mostras visitables na Ribeira Sacra, podendo ser tamén incorporadas aos diferentes artigos de promoción turística da zona.

Consideramos que as investigacións realizadas até o presente non afondaron o indispensable no legado patrimonial da Ribeira Sacra, por iso non se redescubriron e consolidaron as notables mostras de decoracións que embelecen as fachadas. Comezamos coa proposta de diferenciar os encintados dos esgrafiados ou esgrafitos, por ser esta última unha técnica ben recoñecida internacionalmente, precisa para contextualizar na súa época e no territorio peninsular os revestimentos murais galegos, moi valorada en

ambientes patrimoniais que forman os listados de patrimonio da humanidade da UNESCO, e xa presente en itinerarios turísticos na Península Ibérica e tamén en outros países europeos e do mundo.

Estamos, co decidido apoio do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, nas primeiras contribucións firmes dun ambicioso proxecto que leve a poñer en valor, recuperar e divulgar unha experiencia da nosa tradición cultural, que vai dos encintados aos esgrafiados, como posible recurso ofrecido para a propia comunidade e o turismo do noso tempo. Configurando unha nova icona, retomando e recreando unha orixinal memoria colectiva nos veciños, e unha novidosa imaxe para os visitantes da Ribeira Sacra.



Vilariño de Arriba (Taboada)



Igrexa de Siós (Pantón)

A riqueza das construcións con cal na Ribeira Sacra

Nas paisaxes humanizadas da área da Ribeira Sacra, e arredor dos Camiños de Santiago ao seu paso pola mesma —nomeadamente na extensión do recuperado Camiño de Inverno que discorre polo centro do territorio e nas paraxes do recoñecido Camiño Francés polo norte—, temos nas decoracións feitas con cal unha das máis salientables formas de ornamentación. Son os chamados encintados, moitas veces verdadeiros esgrafiados.

Uns elementos de valor patrimonial moi estimado en outros itinerarios turísticos peninsulares, europeos e mundiais, que integran con harmonía na contorna os elementos arquitectónicos, recuperando uns saberes e unha tradición secular, na que hoxe se denomina como bioconstrución na arquitectura contemporánea, e ofrecendo un dos motivos máis singulares e auténticos de cara á promoción turística da Ribeira Sacra.



Sobrecedo de Arriba (Taboada)

A base do traballo de investigación e inventariado nas áreas do Camiño Francés de Santiago e a Ribeira Sacra foi realizada nos anos 1992 e 1993¹. Mágoa que non houbo continuidade, sen difusión non chegou á comunidade, nin se restauraron algunhas edificacións senlleiras, hoxe fatalmente perdidas. Os primeiros exemplos de intentos de conservación da estética, sen chegar á recuperación da técnica, comezaron na rehabilitación da Casa da Cultura e en vivendas particulares en Sobrecedo de Arriba, Ralle e Vilar,

¹ Inventario de inmobles con decoracións feitas en cal, realizado nos anos 1992–1993, por Plácido Lizancos Mora, Xosé Luís López de Prado, Ana Sogo López e Xosé Manuel Vázquez Rodríguez, por conta da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

en Taboada; nas Adegas Lareu e no patio interior do Pacio de Sabadelle, e en establecementos de turismo rural, como na Casa das Xacias en Pesqueiras, en Chantada; na Casa Grande da Ferrería de Rugando, en Quiroga; ou en Pinol, en Sober.

Fóra da Ribeira Sacra, en comarcas lindeiras, temos as intervencións realizadas nas Ermidas, no Bolo, e na contorna do castelo de Pambre, en Palas de Rei, que igualmente trataron de manter a estética. Noutros casos, como na Reitoral de Anllo, en Sober, limitáronse a respectar a decoración existente, sen caer na moda de eliminar o revoco e deixar a pedra á vista, non sempre tradicional, en contra do que se difunde na actualidade, o que fai viable unha restauración futura.

Estamos posibilitando agora a grande divulgación, coa finalidade de preservar algunhas mostras do legado patrimonial para as xeracións vindeiras, e para a promoción turística. Redescubriendo e recuperando exemplares significativos, situados en localizacións emblemáticas e espallados polo territorio, xunto coa documentación histórica, cultural e antropolóxica da herdanza patrimonial, que nos leva dos encintados aos esgrafiados. Iniciando a investigación na técnica, sen esquecer as novas experimentacións e desenvolvemento contemporáneo, que na área da Ribeira Sacra moi ben poden estar relacionados con outras propostas, xa comezadas, de recuperación de espazos degradados con decoración mural (graffiti).



A Pousa, na Peroxa.
Imaxe de arquivo



Barrio, en Mourellos (O Saviñao)



Tor (S. Xillao),
Monforte de Lemos

As datacións e soportes

Na Ribeira Sacra concentramos as localizacións onde o número de ornamentacións con cal no revoco é máis abondoso dentro de Galicia. Son aínda na actualidade arredor de un milleiro os restos presentes no legado patrimonial e menos de unha decena os intentos de recuperación. Destacan en cantidade e igualmente pola calidade, pois é onde o desenvolvemento da técnica posibilitou que conservemos verdadeiras mostras de esgrafiados. Atopamos, de xeito máis ocasional, exemplos de arquitectura decorada con cal nos muros dispersos pola provincia de Ourense e no leste de Pontevedra.

As obras que se conservan son relativamente recentes, aparecendo algunhas ornamentacións na área sobre edificacións do século XVII e XVIII, sendo maioritarias as decoracións datadas do século XIX e primeira metade do XX². Temos diante unha moda ou costume con grande éxito e implantación para o acabado das edificacións na Ribeira Sacra e arredor dos Camiños a Santiago. Por zonas e datas aparecen semellanzas, que nos permiten seguir os autores e posibles escolas, sen acentuar a individualidade, por non asinar as realizacións.

² As obras máis antigas, datadas no revestimento, das décadas finais do século XIX —como en 1899, en Vilanova (Esperante, Taboada)—. Son numerosas nas primeiras décadas do século XX, decrecendo até a case desaparición desta tradición nos anos cincuenta, aínda con excepcións como unha vivenda no Couto (Taboada), realizada a comezos dos anos setenta, xa en cemento sobre tixolo.



Forxa, en Vilaquinte
(Carballo)

A distribución no interior do territorio da Ribeira Sacra dos inmobles decorados presenta diferenzas por núcleos, tendo algúns deles un interese singular, contando con varias edificacións enriquecidas con revestimentos, como Belesar, Cristosende, Montefurado, no Campo de Abeleda, Vilariño de Vilela, ou en Quintela de Lobelle. Por concellos, destacan en magnitude e en contía as ornamentacións no territorio de Taboada, seguido por Chantada, Sober, Pantón, O Saviñao, Quiroga e na Teixeira. Reunimos vestixios de varios centos

de elementos da arquitectura con debuxos en cal, na maioría son vivendas, tamén bases de hórreos, uns poucos alpendres, adegas, muíños, pombais, igrexas e capelas diseminadas polo territorio³.

³ A modo de exemplo, en 1992, e só no concello de Taboada, contabilizamos 316 elementos da arquitectura con ornamentacións en cal —o número no pasado foi maior, polo que tamén o era a porcentaxe fronte aos non decorados—, sendo en máis dun 72% vivendas, máis dun 23% bases de hórreos (destacando esta localización ao comparalo con outros concellos), ademais de uns poucos alpendres, un muíño e un pombal. Destacaban as decoracións das capelas de Buín (datada en 1935, cun trazado de gusto barroco retirado na actualidade), e a ruínosa de Vilar de Cabalos (cunha cruz e palma en cal no muro oeste).



Viñoás, en Nogueira
de Ramuín



A posición que ocupa a decoración no soporte é fundamentalmente a fachada principal, na zona da portada, e con preferencia a ornamentar os muros situados a carón dos camiños. Poden presentar tódalas fachadas decoradas, zócalos e faixas inferiores ou superiores, e tamén tendo en ocasións só embelecidos os laterais, ou aparecendo as composicións en zonas pouco visibles, onde o ornato foi retirado nos últimos anos.



Adegas Lareu,
en Sabadelle (Chantada)



Celeiro de hórreo en Ouriz,
en Cicillón (Taboada)

A desaparición ameaza as decoracións aínda existentes, sendo factores decisivos o forte despoboamento rural coa conseguinte ruína do soporte pola falta de coidados, e a perda do uso nas construcións motivada por cambios no modo de produción, en hórreos e construcións adxectivas. Tamén hai que sumar intervencións recentes, como a actual moda de deixar as edificacións coa pedra á vista, xunto con as chamadas

restauracións que comezan sempre pola retirada do cal, repicando os muros sen valorar a ornamentación presente. Como elementos favorables, en canto á conservación, temos o abandono das edificacións —desocupación que, aínda sendo un paradoxo, as libra de modas pasaxeiras como deixar a pedra á vista—, a orientación do muro cara o leste, ou o abrigo dun abeiro ou mesmo de unha árbore.



Picando os muros de cal,
en Vilaúxe (Chantada), en 1992

Tecnicamente, os morteiros de cal deberían ser recuperados para a arquitectura, cunha ampla utilización cultural e probada eficacia contra a humidade, como xa se está facendo en localidades do centro e sur peninsular, segundo a opinión de investigadores, técnicos de rehabilitación e congresos celebrados nas últimas décadas⁴. A restauración das construcións decoradas con cal pode executarse sen grandes dificultades, tendo un interese patrimonial a resaltar para as áreas nas que se localizan, xa que poden ser empregadas na promoción da propia Ribeira Sacra e dos Camiños de Santiago.

4 *I Jornada Nacional de Investigación en Edificación*, E.U. de Arquitectura Técnica, Universidad Politécnica de Madrid, 10 e 11 maio 2007; publicacións de Sofia Salema en *Construção Magazine*, revista técnico-científica-engenharia civil do Porto, 2008; varias xornadas anuais do FICAL, Forum Ibérico do Cal.



Rabelas, en Chantada.
Edificación desaparecida

Introducir o termo esgrafiado ou esgrafito en Galicia

As primeiras referencias que coñecemos das decoracións realizadas con cal en Galicia están feitas por exploradores do patrimonio etnográfico vencellados ao Seminario de Estudos Galegos —grupo o que se lle debe o máis completo traballo de recollida sobre a nosa cultura—, sendo Fermín Bouza Brey quen as cita en 1924, dicindo que se achaban nas fachadas de casas de certa importancia, e sinalando que cumpría estudalas⁵.

⁵ Bouza Brey, Fermín, “Do arte popular galego e d’algunhas das súas manifestazons”, en *Nós*, nº 21, 15 de setembro de 1925, p. 9. (Conferencia lida no Seminario de

De novo o Seminario de Estudos Galegos publica en 1936 unha monografía sobre a parroquia ourensá de Velle, obra de Florentino López Cuevillas, Vicente Fernández Hermida e Xaquín Lorenzo Fernández⁶, diferenciando o *cachote encintado* e o *perpiaño encintado*, como revestimentos que proporcionan un espazo onde deseñar figuras e símbolos nos paramentos das edificacións.

Estudos Galegos, en xuntanza do 12 de abril de 1924).

⁶ López Cuevillas, Florentino; Fernández Hermida, Vicente; e Lorenzo Fernández, Xaquín, *Parroquia de Velle*, Santiago, 1936, pp. 77, 78, 194 e 197.



Bouzoa, en Taboada.
Decoración retirada

Imos ver as diferentes definicións nos vocábulos que designan a técnica e a estética en terras galegas. A mosamos como o termo encintado non recolle as execucións máis complexas, das que conservamos abondosas mostras na Ribeira Sacra. De seguido tratamos de incorporar a denominación de esgrafiado ou esgrafito, consolidada en itinerarios culturais peninsulares, europeos e mundiais, entendendo que encaixa mellor para a práctica máis elaborada de algunhas decoracións que se estenden polas ribeiras do Miño e do Sil.

A interpretación errada: do encintado a outras posibles denominacións

A relevante obra de Vergílio Correia⁷, orixinal de 1912 e que fala de esgrafitos en Portugal, chegou a Galicia⁸, aínda que non se desenvolveron

⁷ Correia, Vergílio, "Esgrafitos", en *Etnografía Artística Portuguesa*, Barcelos, 1937 (artigo orixinal de 1912), pp. 21 a 26.

⁸ Atópámola nas bibliotecas dos membros do Seminario de Estudos Galegos, en concreto na de Xaquín Lorenzo. Mágoa que os nosos etnógrafos non trataran con

os estudos na liña marcada polos portugueses. Bouza Brey e Xurxo Lorenzo, nun traballo sobre unha parroquia de Mondariz⁹, publicado en 1947, fan referencia ás comarcas do Deza e Tabeirós–Terra de Montes. Alí sinalan que se revisten as xuntas das pedras cun *cintado*, trazado que na Estrada e Lalín presenta certa singularidade:

“...tendencia a formar dibujos acorazonados y circulares radiantes, llegando en algunos casos a constituir verdaderas composiciones artísticas, pues en la parroquia de Guimarey, por ejemplo, del primero de los municipios citados, recordamos un largo friso con escenas de caza muy bien tratadas, aves de corral, botellas y copas”.

Máis coñecida é a extensa obra de Xaquín Lorenzo sobre a cultura material¹⁰, publicada en 1962, onde se recolle o proceder nos muros exteriores das edificacións:

“As paredes poden levar recebo de barro polo exterior, tapando as xuntas, que logo se fan resaltar por meio bandas máis ou menos grosas de cal, o cintado ou encintado”.

profundidade os revocos decorados con cal, limitándose a marcar uns estereotipos —baixo a denominación de *encintado*— que non engloban toda a profusión e variedade desta técnica.

9 Bouza Brey, Fermín; e Lorenzo, Jorge, “La casa el trabajo y la cántiga en Pías (Mondariz, Pontevedra)”, en *Revista de dialectología y tradiciones populares*, tomo III, caderno 1º, 1947, pp. 1 a 30.

10 Lorenzo Fernández, Xaquín, “Etnografía. Cultura material”, en *Historia de Galiza* (dir. Otero Pedrayo, R.), Buenos Aires, 1962, vol. II, pp. 12 a 14.





Cunha función estética e construtiva á vez, ofrecendo unha aparencia de regularidade do muro, que esconde moitas veces unha mampostaría pouco harmónica nos paramentos das fachadas. Tamén engade, falando do deseño ornamental:

*“Iste recebo exterior das paredes permite fa-
guer coil unha chea de dibuxos, como grecas, paxa-
ros, peixes, frores, etc., sendo curioso o feito de que
é un dos poucos elementos das vivendas que as xen-
tes do noso campo empregan coma decoración xa
que son dunha extraordinaria parquedade no que a
temas decorativos da casa se refire”.*



Cenobio de Seoane Vello,
en Montederramo



Xaquín Lorenzo Fernández fai así un estudo máis detallado do que chama *cachote encintado*, *cintado* ou *encintado*¹¹, recebo exterior que ocupa as xuntas das pedras irregulares —opus incertum— co que se fan resaltar determinadas unións pintándoas con cal, con iso conseguen dar harmonía e regularidade ao muro. Tecnicamente, seguindo a Xaquín Lorenzo, o procedemento é como segue:

¹¹ As mesmas denominacións seguen nos estudos posteriores, exemplo: De Llano, Pedro, *Arquitectura popular en Galicia*, t. 1, Santiago, 1981, p. 82.

“Pra cintar coménczase por enche-las xuntas con barro arxiloso achairándoo ben a pano coa parede. A seguir, e co barro aínda fresco, fanse unhas bandas cunha brocha mollada en auga de cal; logo, cunha paleta posta de canto, vaise regularizando a cinta, raspando os sitios en que sobra e dándolle os perfís que conveña”.



Touza,
en Xunqueira de Espadanedo

Atopamos en Fernández Oxea unha maior clarificación á hora de tratar as ornamentacións sobre morteiros de cal¹². En 1968, na monografía dunha parroquia nas lindes da Ribeira Sacra, como é Santa Marta de Moreiras, apunta:

12 Ramón e Fernández Oxea, Xosé, *Santa Marta de Moreiras*, Sada, 1982 (1ª ed. de 1968), pp. 134 e 137.

“No exterior tápanse as xuntas das paredes con encintados, que nas construcións de perpiaño son sinxelos por seguiren decote as liñas paralelas das fiadas, mais nas casas feitas de cachotería o encintado toma figuras caprichosas, efecto da irregularidade dos cachotes. As luces van sempre recadradas por unha faixa de encintado máis ancha que o resto da parede, e o mesmo faise coas esquinas”.



Laioso (Esgos),
remarcando as luces



A Lagoa,
en Taboada

Estamos ante unha síntese, oportuna e concisa, unha achega resolta¹³. Certamente, a contribución de Fernández Oxea, pouco recoñecido e moi copiado nas súas investigacións sobre o románico da Ribeira Sacra, tamén na arquitectura tradicional é máis atinada que as simplificacións

13 Ademais da diferenciación entre perpiaño e cachotaría, os acabados do muro son máis complexos. En ocasións sobre os cachotes simúlense perpiaños escaudrados, non teñen as mesmas dimensións ou non se corresponden os cachotes do fondo coa cinta, ofrecendo variacións segundo o autor, a zona xeográfica, a época de realización e as peculiaridades da edificación a decorar. Son numerosas as variantes, realizadas sobre pedra, que só se poden entender tendo presente a técnica do esgrafiado, e ademais aparecen ornamentacións executadas sobre tixolo ou ladrillo, entramados e pallabarro dentro de Galicia. Igualmente é destacable a anotación que fai sobre as faixas perimetrais e arredor dos ocos, que estruturan a decoración da fachada, mais tamén coñecemos áreas sen estas bandas, como en Taboadela (Ourense).

que se ofrecen en traballos moi posteriores sobre a arquitectura galega¹⁴.

Dos ornatos nas edificacións tamén se ocupa Begoña Bas en 1980 e 1983¹⁵. O recebo branqueado con cal, ademais dun efecto estético,

14 Rodríguez Nespereira, Fernando, "Elementos de arquitectura popular II: paredes e muros, entramados de madeira, cubertas e voadizos", en *Raigame*, nº 2, Ourense, maio de 1996, p. 26; ou Caamaño Suárez, Manuel, *A casa popular*, Santiago, 1999, pp. 71 e 89. Finalmente, anotamos unha obra recente, de difusión escasa e de nulo aporte teórico, sen maior mérito que seguir —podemos dicir copiar sen reservas e non citar— un inventario realizado por outros autores vinte anos antes, como é a de Ventura Real, José María, *Cintados de cal na Galiza. Paredes para ler*, A Coruña, 2012.

15 Bas López, Begoña, *Construcións populares galegas*, A Coruña, 1980, p. 22; e *As construcións populares: un tema de etnografía de Galicia*, Sada, 1983, pp. 41 a 44.



emprégase para illar a parede da humidade. Recolle que “en moitos casos créanse figuras que non teñen que ver coa finalidade do encintado”, como son cálices, rosáceas, figuras xeométricas e de animais, etc., chegando a superar a superficie das pedras nas que se tapan as xuntas. Unha vez máis, ponse de manifesto —sen que a autora chegue a afondar nas variantes técnicas— que o termo encintado non abrangue tódalas manifestacións que se veñen agrupando baixo este nome.

Ante a perda continuada de paramentos decorados na comarca de Chantada, en particular

en Taboada, lembrar o chamamento da revista *Larouco* en 1991, editada polo grupo arqueolóxico homónimo, no seu primeiro número e da man do seu director, Antonio Rodríguez Colmenero, que fai unha apelación para que desde a administración autonómica se cataloguen os revestimentos murais con cal¹⁶. Sinalar que, un ano despois daquela petición, comezamos o inventario nun tramo da Ribeira Sacra e Camiño de Santiago¹⁷.

16 “A fermosura da cal”, en *Larouco*, vol. 1, A Coruña, 1991, p. 231.

17 Inventario de inmobles con decoracións feitas en cal, realizado en 1992 e 1993 (nota 1).



Vilastrille de Arriba,
en Sober



Buscando unha posible denominación para este labor, Plácido Lizancos Mora sinala, no ano 1993, algunhas semellanzas entre as decoracións galegas con cal, os grutescos renacentistas e os esgrafiados cataláns¹⁸, sen chegar a un porto de consenso. En canto á orixe, ofrece a hipótese da interpretación de albaneis locais de elementos da arquitectura culta, e a posibilidade da transmisión de grutescos por copiado.

18 Lizancos Mora, Plácido, "Debuxo e ornamentación na arquitectura do sur da provincia de Lugo", en *Boletín Académico*, nº 17, ETSA de A Coruña, 1 de 1993, pp. 27 a 34.

Para Lizancos Mora, que centra o estudo no concello de Sober e con referencias á Ribeira Sacra, non son todos encintados, como se consideraban até o presente, trátase de numerosas e diferenciadas solucións tipolóxicas. No lugar dunha denominación específica, aposta por chamarlles *decoracións tradicionais de feitura popular a base de debuxos ou pinturas realizadas en cal sobre elementos da arquitectura popular*. Na análise técnica distingue, polo soporte, as escasas decoracións pintadas directamente sobre a fábrica, as pintadas sobre un encintado ou rexuntado, e as pintadas sobre unha capa de recebo.

Destacamos unha interesante conclusión, pois reclama atención prioritaria sobre a sociedade que fixo posibles as decoracións con cal, a imprescindible continuidade das construcións habitadas. E, xa máis persoal, remata:

"Hai que pensar que este tipo de manifestación artística popular, tan singular como descoñecida (incluso para o común dos galegos) debe ser conservada. De non facelo así os nosos fillos coñecerán máis e mellor as pinturas étnicas dos Nbdele que as das Terras de Lemos".

En 2007 aparece a ambiciosa obra de Tomás Vega Pato¹⁹, quen recoñece que o termo encintado ou cintado é unha denominación xeneralizada, englobando outros acabados baixo unha denominación única. O encintado, como recheo das xuntas, fai que os paramentos exteriores

19 Vega Pato, Tomás, *Arquitectura Popular Ourenzá. Pechos de clausura simple e complementos. Encintados, encalados e engadidos decorativos*, Ourense, 2007.



Mundín, en Nogueira de Ramuín.
Nótese a simulación de regularidade
no forxado inferior

dunha edificación se manteñan estancos, dando compacidade ou maior resistencia ao muro, alén de embelecer. No encalado, con pasta pura ou morteiro de cal e area sobre os paramentos, discirne tres tipos: procedemento directo, con motivo en branco sobre pedra limpa; inverso, sobre fondo encalado, con debuxo a modo de contra-tipo (textura da pedra); e mixto, encalado total da superficie, con trazos e baleirado en fresco, quedando a pedra visible como fondo²⁰.

Ante o que o autor sinala como carencia ou

²⁰ Esta última tipoloxía citada pode ser moitas veces un esgrafiado, sendo así estaría mal descrito ou incompleta, pois o fondo é unha camada de recebo.

falta de denominacións específicas, propón *encintado*, *encalado* e tamén *engadidos decorativos en encintados ou encalados*. Non procurou o suficiente Vega Pato, que se detén e profunda nas formas e dimensións das cintas, manifesta unha enorme sensibilidade por manter as paisaxes das aldeas galegas, mais erra na delimitación espacial do traballo²¹.

²¹ As decoracións con cal, encintados ou esgrafiados, non se limitan á provincia de Ourense. Non se poden explicar nin comprender desde un marco artificial, sen continuidades, intercambios e préstamos culturais entre terras lindeiras, sen coñecer o publicado por outros investigadores e noutras latitudes. Unha desculpa posible, que o autor acertadamente manifesta, é que carecemos dun vocabulario galego de arquitectura e manexamos termos incorrectos consagrados por ensaístas que nos preceden.



Capela de Sillán,
en Pedrafita (Chantada)



Faixa baixo o abeiro
en Taboada dos Freires



Castelo, en Taboada, en 1992

A narración da técnica de esgrafiar na Ribeira Sacra

As solucións técnicas de acabado do muro son numerosas, aparecendo a decoración sobre recibos e rexuntados de morteiro de cal na maioría das edificacións, ás veces a base é de barro, podendo ser tamén de cemento en obras recentes. Correntemente, a argamasa únese á fábrica do muro, imitando a pedra con incisións, eliminando irregularidades que se percibirían sen a aplicación desta capa de recho. Recollemos na Ribeira Sacra denominacións como encintado, recintado, cintado, cachoteado, gazpeado ou en-calado.

Como útiles, para a realización deste labor, empréganse de xeito fundamental as culleres ou

paletas de albanel para aplicar a masa e recortar os trazados; ademais da *falsa* ou compás, a *vara* ou regra, e plantas de cartón e madeira para executar os deseños.

Interésanos a voz dos propios autores, herdeiros da técnica e da estética, que describen o procedemento como segue²²:

“Empezábase bacheando ou allanando todo o muro, dándolle unha segunda capa coa anterior aínda fresca, que logo era pulida con paleta e esparavel, e despois recortada co cucharín e raspada, pintando despois as faixas cun pincel”.

²² Informante natural do Carballo (Taboada), que era fillo de Daniel Corredoira, o Caleador de Taboada, e que exerceu como albanel baixo a aprendizaxe do seu pai como mestre caleador (nome usado para designar aos albanéis que aplican revestimentos en Taboada).

Esgafiados no interior
da igrexa de S. Vicente
do Pino (Monforte
de Lemos)





O Campo de Santa Tegra
de Abeleda (A Teixeira)

Rexistramos a narración dunha forma de traballo que está na liña dos esgrafiados, lonxe dos simples encintados que marcan as xuntas dos cachotes que conforman o muro das edificacións. Un revoco da superficie en camadas, con raspado superficial para executar os deseños que logo serán coloreados. Rematados os trazos, o acabado facíase pintando con cal as faixas marcadas, o que producía un contraste claro-escuro entre o branco do cal e a cor agrisada ou cinsenta do recebo²³. Para resaltar debuxos, figuracións e faixas só en contadas ocasións se empregaban outras cores, agás nas rosetas, onde a variedade cromática era abundosa.

²³ O contraste permite diferentes lecturas do debuxo, un positivo e un negativo, segundo nos fixemos nas faixas caleadas ou no interior escuro, impresión óptica que os albaneis aproveitaban para darlle maior riqueza a obra.

Paralelismos nos revestimentos peninsulares

As primeira explicación escrita que coñecemos sobre o sgraffito está na obra do arquitecto e escritor Giorgio Vasari, de 1550 e 1558²⁴, referindo o seu emprego en Florencia e Roma nos séculos XVI e XVII, no Renacemento italiano. Está recollida polo que se considera o primeiro historiador da arte, compilador de datos e biografías, teórico e cronista do seu tempo.

Tratando de atopar paralelismos noutras áreas culturais máis próximas, veremos máis adiante as notables correspondencias entre

²⁴ Vasari, Giorgio, *Le Vite de' più eccellenti architetti, pittori, et scultori italiani*, Firenze, 1550 (revisado en 1558).



algunhas decoracións galegas e os esgrafiados de Portugal e das outras terras peninsulares. En Portugal, a primeira noticia escrita sobre a execución do esgrafito data de 1615, na obra de Filipe Nunes titulada *Arte da Pintura, Symetria e Perspectiva*²⁵. O autor conta a técnica deste xeito:

“Também costumão fazer a fresco de rascunho em paredes, figuras & lacarias & tudo o que querem como se vê em muitas quintas, & fazem deste modo. Guarnecem a parede de cal com preto, & depois de seca & feita toda preta dão lhe outra mão de cal acolher, ao modo de estuque, & quando se quer ir secando, ou logo em fresco vão abrindo o debuxo com hum prego, ou estilo duro, & vão rascunhando o que querem, fazendo o rascunho amiudado os efeitos como quem rascunha, & fica então aparecendo o debuxo em preto do preto que estava por baixo”.

25 Nunes, Filipe, *Arte da Pintura, Symetria e Perspectiva*, Lisboa, 1615. (Edición facsimilar, Porto, 1982).

Igualmente, tamén interesantes, aínda que moi insuficientes para o tema que nos ocupa, son os estudos da arquitectura de Cáceres e Salamanca²⁶. A técnica do esgrafiado aparece descrita en 1909 por Francisco Alcántara²⁷, na que sinala que o revoco segoviano influíu na arquitectura peninsular, relatando o procedemento empregado:

“Es una entalladura a dos planos, el primero de matiz oscuro, siendo el segundo más claro, con poco menos de un centímetro de realce, en el que se tratan con plantilla los dibujos resultantes de vaciado de los espacios. Se hacen en la siguiente forma: concluido el muro, se le da un repello tosco; cuando seca, se aplica sobre él un segundo repello algo granular, coloreado discretamente, pues ha de servir de fondo a lo que sobre él va a figurarse. Sobre este segundo repello, y con el color blanco de la cal o ligeramente matizado de ocre, se extiende el último, que suele tener la máxima altura de un centímetro, y sobre este tercer repello, y en fresco, se colocan las plantillas con las figuras que quieren entallarse, e inmediatamente se vacían los espacios en los que aparece el segundo repello que constituye el fondo. La superficie del último en la que va trazada la decoración se pule con un trapo mojado y se le da de llana”.

26 Flores, Carlos, *Arquitectura popular española*, Madrid, 1973, vol. III, pp. 267, e 516 a 522.


27 Alcántara, Francisco, *Galas de la Arquitectura, El revoco segoviano, y Arte e Historia*, Alcalá de Henares, 1909; nota en Torres Balbás, Leopoldo, “La vivienda popular en España”, en *Folklore y costumbres de España* (dir. Carreras y Candi, F.), ed. Alberto Martín, terceira edición, Barcelona, 1946. (Ed. facsimilar, Madrid, 1988, pp. 391 e 392).

Pormenor no Mato
(Taboada)





Vilamelle,
en Pantón, en 1993



Airoá, en Pesqueiras
(Chantada), en 1992

En 1912 Vergílio Correia²⁸, investigador portugués, relata a técnica como segue:

“O «esgrafito» era um motivo ornamental que se obtinha colocando sôbre a superfície caida das paredes uma fôlha de metal com um ornato em aberto; raspando-se a cal por meio de uma colher de ferro, a côr cinzenta ou avermelhada do barro ficava a descoberto, constituindo o fundo do desenho. Êste desenho também se obtinha nas côres do barro sôbre fundo branco, arrancando-se na fôlha de metal em vez do fundo, o ornato”.

Xunto a un modo puro ou erudito, descen-

dente do importado de Italia no século XV, acrescenta Correia que aparece un esgrafito popular, “com motivos duma simplicidade rudimentar e pouco variada, conquanto interessante”, entre os que destaca a roseta de seis puntas. Para rematar, recolle que no Alentejo simplificaron a realización, pintando os espazos deixados pola folla de metal en vez de rasपालos.

En 1922 Lampérez y Romea, historiador da arte, vincula os esgrafiados segovianos co gótico mudéjar, en contra da idea italiana ou renacentista²⁹. Este arquitecto e restaurador establece os

28 Correia, Vergílio, op. cit., pp. 21 a 26.

29 Lampérez y Romeá, Vicente, *Arquitectura civil española de los siglos I al XVIII*, t. I, Madrid, 1922, pp. 163 e 164.



Detalle no
Salvador de Moreda
(Monforte)



A Torre
(Chantada)



Segán,
no Saviñao

condicionantes rexionais das edificacións, como son a xeografía, o clima e os materiais. E abre unha ruta, moi seguida nas investigacións posteriores sobre esta técnica, para tratar das fachadas revestidas:

“Tiénese por procedimientto artístico originario de Italia y no anterior, en nuestro suelo, al siglo XVI. Los ejemplares existentes prueban que, en Castilla, ninguno de los dos supuestos son ciertos. En efecto, en las regiones abulense y segoviana, hay esgrafiados de carácter gótico-mudéjar, que nada tienen en común con las artes italianas, y en edificios conocidamente del siglo XV, como, entre otros, la torre del homenaje del Alcázar de Segovia, obra de Juan II, los patios del Monasterio de Santo Tomás de Ávila, de los Reyes Católicos, las torres del castillo de Manzanares el Real, del promedio del siglo XV, y muchísimos más. El tipo de este dibujo es esencialmente geométrico: círculos intersecados; imitaciones patentes de tracerías pétreas góticas y de combinaciones lineales mahometanas”.

Para Lampérez y Romea a orixe dos esgrafiados xeométricos casteláns está en dúas fontes:

“La una, las combinaciones de las yeserías mudéjares; la otra, el resalto formado por el mortero de cal de las juntas en los muros de sillarejo y de mampostería careada”.





Franza, en Chantada.
Decoración retirada

Sobre a utilización dos esgrafiados na arquitectura pode verse a profunda obra de Ignacio Gárate Rojas³⁰, datada no ano 1993, na que fala dunhas orixes incertas desta técnica, aparecendo en construcións medievais, e influído pola idea mudéjar en canto á decoración:

“...la transformación del encintado en un motivo ornamental, responde, sin duda, al ya indicado concepto mudéjar de la decoración: la repetición machacona de un tema con ligeras variantes realizada con materiales blandos”³¹.

30 Gárate Rojas, Ignacio, *Artes de la cal*, Madrid, 1993, pp. 159 a 169.

31 Peñascola y Contreras, Luis Felipe, *Los Esgrafiados Segovianos*; cita en Gárate Rojas, Ignacio, op. cit., pp.

Na orixe nos resaltes das xuntas, que se pode apreciar en edificios medievais, pasando a facer repeticións dun motivo debido ao gusto mudéjar polo ornato, coinciden varios autores³², enlazando no renacemento con procedementos italianos e até grutescos. Os esgrafiados cataláns poden explicarse, segundo Gárate Rojas, polos contactos comerciais con Italia, decoración con tradición até o século XVIII que tras unha paréntese é recuperada polo historicismo arquitectónico e o modernismo³³.

159 e 160.

32 Gárate Rojas, Ignacio, op. cit., pp. 159 e 160.

33 Gárate Rojas, Ignacio, op. cit., p. 161.



Coutiño, en Parada de Sil



Arriba,
en Chantada



Mosteiro, en Pedrafitas
(Chantada)

Mais aínda que aquí tratemos da arquitectura chamada popular³⁴, observamos evidentes paralelismos entre a técnica empregada nos revestimentos galegos e o esgrafiado peninsular, sendo moitos dos primeiros sinxelos e outros máis elaborados na Ribeira Sacra e arredor dos Camiños a Santiago, na liña dos esgrafiados que se espallan por terras de Segovia, Cáceres, Salamanca e Portugal. Compartindo un procedemento similar, e uns resultados —efecto visual ou decorativo— moi semellantes, polo que se seguimos a definición dada por José Ramón Paniagua tamén pode levar o nome de esgrafiado³⁵.

34 As clasificacións no legado patrimonial ou cultural son sempre arbitrarias, establecelas entre arquitectura popular e culta pode ofrecer unha escasa utilidade para examinar unha edificación, sempre ademais que evitemos o prexuízo de facer categorías onde identifiquemos o non académico como inferior.

35 Paniagua, José Ramón, *Vocabulario Básico de Ar-*

Ademais do contraste claro-escuro entre a zona de cal e a de recebo, tamén o tratamento con incisións, raiados e punteados —con correspondencias na época renacentista en Italia³⁶, e posteriores noutras áreas do Estado español—, cor que resalta as formas, e, sobre todo, a busca da diferenza entre “o pulido da zona de cal e o bravo ou raiado da zona escura” que produce distintas sensacións visuais³⁷. Tamén hai parecidos nalgunhas decoracións, especialmente nas trazadas con plantas, regra e compás, e debuxos xeométricos en xeral.

Se lembramos a posible orixe dos esgrafiados nos encintados das pedras do muro, afiánzase a relación das decoracións con cal galegas

quitectura, 1985, p. 149 (voz “esgrafiado”).

36 Gárate Rojas, Ignacio, op. cit., p. 167.

37 Informante da Lagoa, en Cicillón (Taboada).



Vilanova,
en Gundiavós
(Sober)

e peninsulares. A diferenza máis apreciable sería a non aplicación de colorantes no recebo, o que tamén ten paralelismos cos esgrafiados máis antigos:

“En los esgrafiados, como el que se conserva en el Museo Arqueológico de Granada, que es muy provincial, más que unos morteros pigmentados o fondo eran sus colores dados con brocha con técnica de fresco, disueltos en agua de cal, formando una especie de lechada pastosa y fina. En general eran poco gruesos”³⁸.



Xanela de Paradela,
en Xunqueira de Espadanedo



Fragmento en Bouzoa,
en Taboada, en 1992

Se queremos precisar máis as orixes desta técnica, debemos sinalar que ten como precedente a execución dun revestimento do muro, ao que segundo o arquitecto romano Vitruvio se lle daban tres capas: unha primeira de morteiro común —que incluía area, cal e anacos de ladrillo cocido (que tamén atopamos nos revocos galegos, moi visibles na Ulloa)— que recubría as irregularidades, na segunda capa conseguíase unha superficie lisa e recta, e a terceira capa era de

estuco³⁹. A evolución, empregando novos materiais, témola nos revestimentos texturizados actuais⁴⁰.

39 Paniagua, José Ramón, op. cit., p. 139 (voz “enlucido”).

40 O grafiado ou grafiato, en América Latina, tamén coñecido como paredes texturizadas ou revocos raiados na península, está executado con pasta sintética que contén area natural, que se traballa antes de secar, formando trazados co esparavel, deixando que os grans de area marquen tramas na masa.

Montefurado,
en Quiroga

Os estudos contemporáneos sobre esgrafiados ou esgrafitos

Hai dúas achegas fundamentais para documentarse e, sobre todo, actualizar o discurso sobre o proceso de esgrafiar ao longo da historia, visto desde a Península Ibérica. A primeira corresponde ás numerosas publicacións de Rafael Ruiz Alonso, grande divulgador alén de investigador da usanza dos esgrafiados segovianos. Salientamos a tese titulada *El esgrafiado en Segovia*, do ano 2002⁴¹, dedicada a estudar os revestimentos murais desde o soporte, pasando polos materiais e técnicas, para rematar cos ornamentos.

41 Ruiz Alonso, Rafael, *El esgrafiado en Segovia*, Madrid, 2002.

Ruiz Alonso realiza actualizacións constantes do seu traballo, con revisións e estudos particulares sobre a contribución mudéjar aos revestimentos decorados con cal⁴². Liga investigación e protección patrimonial con desenvolvemento local. Un perigo que sinala, e compartimos opinión, é facer unha visión limitada, reducida a un só territorio do legado patrimonial, sen establecer diálogos, contactos e intercambios entre as rexións.

42 Ruiz Alonso, Rafael, "Evolución histórica del esgrafiado en España", en *Estudios Segovianos*, t. LI, n. 108, Segovia, 2008, pp. 147 a 194; "Un novedoso enfoque del esgrafiado mudéjar y de la pintura «de lo morisco» en Segovia", en *Arte y Ciudad-Revista de investigación*, n. 6, Madrid, outubro de 2014, pp. 27 a 60; "Del encintado al esgrafiado. Una hipótesis sobre el origen y desarrollo del esgrafiado a través de la arquitectura islámica y mudéjar", en *Estudios Segovianos*, t. LVI, n. 113, Segovia, 2014, pp. 107 a 165; e *Esgrafiado. Materiales, técnicas y aplicaciones*, Segovia, 2015.



Para Ruiz Alonso as orixes son confusas, apunta que as manifestacións máis antigas peninsulares témolas na antigüidade romana (Mérida) e na arte califal andalusí, a comezos do século XI, en zócalos interiores. Na súa procura polo norte de África, recolle que aínda se practica o esgrafiado en Marrocos, Tunisia, Exipto e Mauritania, chegando máis ao sur (no Níxer ou Ghana). En Granada aparece en muros exteriores, conservando exemplares mudéxares en lugares como Andalucía, Aragón, Toledo ou Madrid. Sinala que no final do século XV e comezos do XVI incorporan deseños procedentes do gótico.

Recolle a hipótese, que en 1922 para Segovia e Ávila adiantara Vicente Lamperez y Romeá⁴³, pois segue semellando válida, falando do desenvolvemento da xunta ou encintado que rodea as pedras do muro, que aos poucos deixa de someterse ás formas irregulares da mampostaría, para ir a representacións xeométricas, pasando de man alzada a plantas e compases, dun revestimento práctico a ornamental. Sen embargo, ambas técnicas conviven, o esgrafiado non fai desaparecer o encintado.

43 Lamperez y Romeá, Vicente, op. cit., 1922, p. 163 e 164.





Das diferentes etapas históricas, recollidas por Ruiz Alonso, parámonos na medieval. Naquel tempo despuntan a forma flamíxera, denominada burbulla, gota ou vexiga de peixe (un modelo que revive no século XVI), os círculos e rosetóns, as redes de rombos, as palmas, arcos ondulados ou conopiais, escamas... Resaltamos esta liña, que como veremos no apartado dedicado á continuidade no tempo e na xeografía peninsular, podemos aínda hoxe rastrear grazas a edificacións conservadas na arquitectura rural de Segovia, Salamanca, Zamora e Galicia.

Nos séculos XVII e XVIII percibimos unha moda nas ornamentacións con esgrafiados. Será no XIX cando o esgrafiado chegue a diferentes lugares de Ávila, Cáceres ou Segovia. Interéanos tamén esta datación, unha acoutación temporal que vai até a metade do século XX, e que coincide coa que presentan a maioría dos revestimentos decorados con cal na Ribeira Sacra.



O segundo punto de interese na investigación está en Portugal, onde resaltan os traballos de Sofia Salema, e de xeito especial a súa tese *O corpus do esgrafito no Alentejo e a sua conservação-Uma leitura sobre o ornamento na arquitectura*, do ano 2012⁴⁴. Destaca Évora, nos séculos XVI e XVII en pequenos rexistros como chemineas de grande expresión estética, e con maior resalte no XVIII e XIX, chegando polo Alentejo até o século XX. Predominan as cores branca e area, en deseños vexetais e xeométricos.

Interpreta Sofia Salema os esgrafitos desde a área da arquitectura, a historia e a conservación do patrimonio. Como antecedentes sinala o labor dos romanos, desde Mérida á propia Roma, e dos musulmáns, en Granada. Logo hai un rexurdimento, na Italia renacentista do século XVI, singularmente na Toscana e na Lombardía.

⁴⁴ Salema, Sofia, *O corpus do esgrafito no Alentejo e a sua conservação-Uma leitura sobre o ornamento na arquitectura*, Lisboa, 2012.

Cristosende,
na Teixeira

A simplicidade técnica, que xa aparece na cerámica da antigüidade clásica, non fai pensar que teña unha orixe única, puido ser experimentado en diferentes latitudes. E chega esta técnica a lugares distantes, como Londres, Bruxelas, Canarias ou Galicia. Erra, no caso galego, cando anota este como exemplo de xurdimento illado e puntual, pois podemos adiantar que estamos ante unha moda moi estendida na Ribeira Sacra, A Ulloa e zonas de Ourense, unha prolongación da estética no territorio peninsular⁴⁵.

45 Sofia Salema contabiliza 344 edificios esgrafiados no Alentejo, deles 99 están en Évora. Na Ribeira Sacra falamos de máis de un milleiro, superando os trescentos só no concello de Taboada.

Fala Sofia Salema de que retirar o revestimento exterior, que é parte integrante do edificio e da paisaxe das aldeas, é deturpar a imaxe histórica, unha perda da autenticidade material⁴⁶, con intervencións executadas con materiais inadecuados, desbotan e pican revocos e executan falsos encintados que meten no muro a humidade. No estudo, anota que faltan referencias a outras áreas culturais, coñecer relacións e continuidades, repasar as técnicas de execución e nova revalorización dos recursos, como pode

46 A autenticidade é un concepto que remite á experiencia de quen percibe, varía segundo a apreciación e o discernimento individual, e non ten que ser necesariamente o máis antigo. No seu lugar sería recomendable mudar esta noción por revestimentos históricos ou orixinais.



Vilanova,
en Esperante (Taboada)

ser o uso turístico. Na conservación, avoga por un novo modelo, un proceso social aberto ao diálogo cos veciños que leve á toma de decisións plurais e horizontais.

Vemos, por todo o exposto, desde as primeiras notas sobre os revocos decorados até as máis recentes publicacións, os revestimentos ornamentados da Ribeira Sacra como unha variante técnica dos esgrafiados, un procedemento con unha orixe común. Debemos considerar as decoracións galegas especialmente emparentadas coas portuguesas, estremeñas e castelás, e moitas veces todas elas contemporáneas no tempo

ou con continuidade, nun proceso de decadencia compartido, salvo en lugares puntuais (como en Segovia, ou Valdefuentes, en Cáceres), até os nosos días.

O concepto: de encintar a esgrafiar


En Galicia non se desenvolveron os estudos das decoracións sobre morteiro de cal e area na liña marcada polos investigadores de outras demarcacións españolas e portuguesas. Acorados arredor do termo *encintado* ao longo de décadas, sen resolver con este vocábulo as notables diferenzas na técnica das ornamentacións máis



Igrexa de Eiré,
en Pantón



Xuntas marcadas
en Andreade
(Paradela)



Xogos de riscos
no revoco, en
Outeiro (Bóveda)

complexas, realizadas sobre revocos que cobren trezados vexetais, entramados e mesmo tixolos⁴⁷. Non hai lugar para resaltar as xuntas cando non existe debaixo mampostaría pétrea onde marcar as cintas ou unións, son finxidos, falamos de outra técnica.

En 1995 introducimos por primeira vez o termo esgrafiado en Galicia⁴⁸, que de xeito vacilante

47 Na Ribeira Sacra conservamos numerosas mostras de arquitectura en terra por Lemos (a destacar na Pobra do Brollón, empregada en tabiques interiores e tamén exteriores), outras levantadas sobre trezado de corres de cestería, sobre estruturas verticais e diagonais de madeiros, e sobre tramas de barrotes recheos de palla.

48 Vázquez Rodríguez, Xosé Manuel, "Decoracións con cal no sur da provincia de Lugo", en *Lucensia*, nº 10, Lugo, 1995, pp. 131 a 142; e *Etnografía da Ribeira Sacra*, Lugo, 2014 (1ª ed. de 2003), pp. 85 a 114.

comeza a aparecer logo en publicacións divulgativas, fundamentalmente en propostas de rutas culturais, moitas veces confundido con encintado. Ponse de manifesto —sen que as investigacións anteriores cheguen a afondar nas variantes técnicas— que a voz encintado non recolle tódalas manifestacións que se veñen agrupando baixo este nome.

Non entendemos a destacada ausencia do vocábulo esgrafiado ou esgrafito en Galicia, ou cando menos a establecer paralelismos con outras áreas da Península Ibérica, coas que con seguridade se comparten procedementos na execución e tamén son apreciables uns resultados estéticos moi semellantes.



Esgrafito
en Arxiz (Taboada),
en 1992



Diferenciamos, na técnica de execución das decoracións sobre os morteiros de cal e area, tres tipoloxías básicas. A primeira son os **encintados**, con claras intencións estéticas na Ribeira Sacra, que selan, resaltan e regularizan as xuntas de cachotería e cantería. A segunda variable está representada polo **grafito inciso**, seguindo a denominación segoviana e portuguesa, procedemento que tamén atopamos con frecuencia na Ribeira Sacra, sendo o revoco riscado, perfilando a decoración. E a execución máis complexa está representada polo **esgrafiado** ou **esgrafito**, como aplicación de unha segunda camada de revoco, trazando debuxos con grafío, coitelas ou cucharín (denominación da ferramenta no caso galego), retirando con raspado a capa superficial antes do seu endurecemento, quedando ao des-

coverto a camada inferior, mostrando diferente cor e textura.

Estamos a empregar a terminoloxía consagrada polas dous centros difusores de esgrafiados ou esgrafitos, como son Segovia e Évora, en concreto polos investigadores Rafael Ruiz Alonso e Sofia Salema, que crearon escola nos traballos contemporáneos dados a coñecer en España e Portugal. Andamos a incorporar a voz esgrafiado ou esgrafito ao galego⁴⁹.

49 O termo deriva do italiano *sgraffito*, que en portugués deu lugar a esgrafito, voz que podemos incorporar no galego por estarmos na mesma área lingüística (así o fai Isaac Alonso Estraviz no dicionario de galego, en www.estraviz.org). A voz esgrafiado, que non aparece en 2017 no dicionario da RAG (academia.gal/diccionario), está tomada e popularizada desde o castelán.



Encintado finxido
en Vilaproí (Portomarín)



Esgrafiado
en Abrence (A Pobra do Brollón)

Lembramos, para rematar a inmersión na práctica de esgrafiar, que calquera clasificación é teórica, un convencionalismo que nos posibilita comprender a cultura. Na realidade, temos múltiples variacións nas ornamentacións sobre morteiros de cal, conforme á época de realización, área xeográfica, autor ou escola..., sendo habitual achar en algunhas edificacións partes encintadas, con grafitos incisos e con esgrafiados. Con todo, consideramos que é esencial introducir o termo esgrafiado en Galicia, especialmente na Ribeira Sacra, por ser esta unha técnica recoñecida internacionalmente, valorada en contextos patrimoniais incluídos en listados de patrimonio da humanidade pola UNESCO, e moi presente en itinerarios turísticos na Península Ibérica e tamén europeos.



San Lourenzo de Gondulfe
(Taboada), en 1993

A continuidade dunha tradición cultural peninsular na Ribeira Sacra

Os problemas da investigación, non resoltos nin estudados até os nosos días, xorden á hora de identificar, contextualizar e procurar unha prolongación desde posibles centros difusores peninsulares da técnica de esgrafiar na Ribeira Sacra e arredor dos Camiños a Santiago. Tanto en Europa como na zona mediterránea peninsular, alén de Portugal, sinálanse as influencias do

Renacemento italiano. Pola contra, no occidente peninsular tense por segura a filiación mudéxar, nunha sucesión que de seguido imos ver como se estende até a Galicia contemporánea, que ten como base a semellanza nos procedementos técnicos e nos resultados decorativos, aos que se engade a denominación de *mourisca* recollida nas ribeiras do Miño e do Sil.



Lión,
en Portomarín



Revoco riscado e pintado
en Moreiras de Abaixo,
en Torbeo (Ribas de Sil)

Diferenciamos os morteiros de cal esgrafiados con placa segoviana —empregando unha greca ou motivo repetitivo—, dos executados á catalá —nos que son frecuentes os temas florais, e representacións de animais e figuras humanas—. Interésannos os primeiros, polo parentesco cos deseños mudéxares, onde o ornato arquitectónico estaba integrado por elementos vexetais estilizados e trazos con rectas entrelazadas, dando formas xeométricas, tamén coñecidos como mouriscas ou arabescos, con tradición desde os tempos medievais.

Demarcacións territoriais nas decoracións con cal

Comezamos un percorrido polos esgrafiados europeos, para centrarnos de seguido na Península Ibérica. Aquí é onde podemos amosar a continuidade no tempo e, de xeito moi claro, demostrar a prolongación no espazo xeográfico. O alargamento dunha tradición na técnica e na estética peninsular, unha semente cultural que entrou en Galicia desde terras lindeiras e prospera na Ribeira Sacra de forma notable, até ser unha área que concentra un dos maiores números de mostras de revestimentos decorados con



encintados e verdadeiros esgrafiados. Un itinerario inédito na arquitectura dos pobos peninsulares, por estar ausentes os revestimentos nas investigacións patrimoniais, que podemos seguir con seguridade despois de visitar puntos estratéxicos nos camiños da cultura.

Nas demarcacións territoriais das decoracións con cal na Península Ibérica temos, no traxecto, unha banda occidental —do sur e leste de Galicia como veremos (con destacada presenza na Ribeira Sacra), Castela (conservando exemplares mudéxares, desde o século XIV, como en Toledo), centro e sur de Portugal, Estremadura e Andalucía—, e outra faixa mediterránea —resaltando Cataluña—. A rexión de Baviera (Alemaña), Flandes (Bélxica), Austria, Bohemia do Sur (República Checa), Suíza e Italia (destacando en cidades como Florencia ou Xénova), son igualmente recoñecidas dentro de Europa polas fachadas embelecidas con cal.

O sgraffito dos centroeuropeos, italianos e gregos

En Europa o sgraffito era unha técnica moi difundida, polo que se pode deber a artistas italianos asentados nas cidades, e aos contactos no Mediterráneo. Os exemplos máis sinxelos son decoracións xeométricas, que estruturan a decoración da fachada a partir de bandas horizontais e verticais, complétanse con cortinas e medallóns, sobre fondos vexetais nos que tamén pode aparecer a figura humana. Moitas veces formando composicións, como escenas mitolóxicas, de carácter relixioso e festivo, ou da vida dos reis.

Sobresaen Florencia e Xénova, puntos de partida de notables realizacións, como en Praga. Outras decoracións son máis sinxelas, como na Engiadina, con continuidade nas decoracións no val alpino do cantón dos Grisóns, na Suíza. Abondan as faixas con deseños, e de xeito



Composición dun
sgraffito renacentista

especial as rosetas, un elemento moi estendido, que tamén aparece na Chequia, Austria ou Baviera. Por terras centroeuropeas non se perdeu a técnica de esgrafiar, mesmo hai valiosas execucións contemporáneas, como na ornamentada fábrica suíza de Ricola ou a biblioteca de Eberswale, na Alemaña. Estamos amosando que o esgraffito non desperdiciou as funcionalidades de protección, estéticas e de comunicación, como revestimento na arquitectura.

A nivel internacional hai un recoñecido foco difusor, o Renacemento italiano, que exporta a hábito á República Checa, Austria, Suíza,



Engiadina, na Suíza



Pyrgi, na illa
grega de Chios

Alemaña, Bélxica, Cataluña ou Portugal. Tamén está presente no norte e occidente de África, como en Marrocos, destacando Rabat, e nos pobos etíopes.

As formas mudéxares, concretamente a lágrima ou gota, son levadas ás Américas. Así temos noticia de que esta solución técnica está presente en lugares tan distantes como Nueva España, no México do século XVIII, coa implantación de unha estética vixente trasladada de



España⁵⁰. Vemos trazos mudéxares reinterpretados en terras moi distantes no plano terrestre, e próximas no cultural, por iso triunfou como o gusto dunha época.

Como notas de interese, desde unha proposta de intervención que pretende recuperar revestimentos decorados con cal na Ribeira Sacra, debemos destacar a inclusión dos esgrafiados en itinerarios culturais europeos. Son os casos de cidades de Italia, Austria, Alemaña, Chequia, Flan-

des... Igualmente son estampas difundidas de localidades turísticas do Mar Exeo, como Pyrgi, na illa grega de Chios, con *xysta* ou esgrafiados xeométricos, simetrías e repeticións, na que non faltan rosetas ou motivos solares.

O recoñecido esgrafiado do estilo modernista en Barcelona

Semellante ao centroeuropeo e ao italiano foi o espertar dos esgrafitos na Ciutat Vella de Barcelona, onde o crecemento demográfico levou a unha desigual calidade construtiva de mediados do século XVIII á metade do XIX, con fachadas posteriormente regularizadas con

50 Hernández Soubervielle, José Armando, "Templos pleurantes del norte. Esgrafiado de tradición mudéjar en cuatro iglesias del septentrión novohispano", en *Anales del Instituto de Investigaciones Estéticas*, vol. XXXVII, n. 107, México, 2015, pp. 69 a 98.



Unha mostra do Modernismo
en Barcelona

revestimentos de baixo custe, segundo o novo gusto barroco, esgrafiados que son retomados no Modernismo, asociados a unha puxante burguesía.

Unha iconografía mitolóxica, floral e de formas da arquitectura clásica, procedente de modelos do Renacemento italiano e do Barroco, chegados á Cataluña no século XVII. Nun rexurdir derivado do Modernismo historicista e da Renaixença, de carácter nacionalista, combinado coa repetición medieval e con motivos téxtiles que parecen tomados do gótico final.

Son trazos de influencia clásica, con debuxos moi elaborados, de grande calidade decorativa.

En Barcelona impártese o ensino técnico dos revestimentos. Que o propio Col·legi Oficial d'Arquitectes de Catalunya presente na súa fachada esgrafiados desde 1955, tomando modelos de Pablo Picasso, exemplifica o impulso renovador polo que apostan naquelas terras. Outro uso peninsular dos revestimentos é o publicitario, que tivo considerable forza na Cataluña, manténdose na actualidade.



Eixample,
en Barcelona

Anotemos que as decoracións modernistas do Eixample foron recuperadas, acolléndose ao programa Raphael da Comisión Europea en 1999, no que participan, ademais de Barcelona, Bruxelas, Viena, e Xénova de forma conxunta, actuando sobre corenta e cinco edificacións nun total de catrocentas construcións censadas con esgrafiados na cidade catalá. A formación de

man de obra especializada (a restauración non se limita só á pintura, o esgrafito ten características volumétricas de baixo-relevo), a creación de novos postos de traballo, o fomento do turismo, e o reforzo da identidade dos habitantes, incidindo nunha maior protección e respecto deste patrimonio por parte da poboación, son os obxectivos marcados.



Esgrafiado xeométrico
en Segovia

A expansión motivada polas ordenanzas municipais en Segovia

Distínguese a cidade de Segovia, e tamén localidades de toda a provincia, por concentrar o maior número de esgrafiados conservados da Península Ibérica e polo modelo de promoción e recuperación da técnica. Son moitos centos de edificacións decoradas con cal, un dos destacados ex libris da cidade castelá, xunto co acueduto e o alcázar, que os turistas fotografan e levan en forma de lembranzas comerciais.

O que valoramos é ter esgrafiados antigos, datados desde o século XI, xunto a contemporáneos. Tamén mostras recuperadas, deixando testemuños no muro das formas do pasado e repetindo estas nas restauracións, un modelo de recuperación do oficio e de saber manter os restos arqueolóxicos. Formas que se repiten desde tempos medievais, mais foi en época bastante recente cando iniciaron a revitalización da técnica do esgrafiado. Estamos a falar da coñecidas ordenanzas municipais de 1855, que



Esgrafiados realizados con plantas en Segovia

promoveron o ornamento das fachadas de Segovia con esgrafiados, que nos interesan aquí por ser esta moda simultánea ao esplendor dos esgrafiados galegos, concretamente ás realizacións que se executaron na Ribeira Sacra.

Sinala Rafael Ruiz Alonso que, nas imaxes do século XIX destacan as fachadas pintadas e con entramados de madeira sobre os esgrafiados en Segovia⁵¹. É, por tanto, para a cidade de Segovia, xa no século XX cando se impón o esgrafiado

de xeito masivo. Interesa resaltar esta datación, para entender que falamos de obras contemporáneas, até máis recentes na súa maioría, que as decoracións galegas conservadas.

En número e difusión, destacan as decoracións dos revestimentos con esgrafiados xeométricos, repetitivos, deseñados con plantas ou moldes. Son menos os que achamos con trazos feitos a man alzada, antigos e tamén recuperados, con forma de gota ou vírgula, e que van dos encintados aos esgrafiados. Apuntar a presenza en obras moi frecuentadas, como a Casa de los Picos nos seus muros exteriores e patios interiores. Deste xeito chegamos a contar unhas ducias,

51 Ruiz Alonso, Rafael, "Un novedoso enfoque del esgrafiado mudéjar y de la pintura «de lo morisco» en Segovia", en *Arte y Ciudad-Revista de investigación*, n. 6, Madrid, outubro de 2014, pp. 27 a 60.



Mostra de integração de esgrafiado antigo e novo



Detalles con forma de gota ou vírgula, esgrafiados e até pintados, nos muros da Casa de los Picos

fundamentalmente en igrexas e palacios, sempre en edificios antigos. Resaltar que son os trazados curvos máis libres, os executados a man, con claras lembranzas medievais en Segovia, os que procuramos para establecer paralelismos e continuidades con Galicia.

A provincia de Segovia distínguese de igual forma pola variedade nos deseños, motivados polo emprego de unha grande multiplicidade de moldes. Nas zonas rurais abundan as rosetas nas fachadas, sen perder a composición calculada e simétrica, dando lugar a puntas de diamante,



losangos, e outras máis complexas, xa vistas na cidade. Exemplos desta técnica e estética témoslos en numerosas localidades, como Aguilafuente, Ochando, Cuellar, Nava de la Asunción e Sangarcía. En menor medida vemos trazos libres, as plantas implican xeometrismos como unha constante das terras segovianas.

En número inferior están os revocos que presentan diversos materiais incrustados nas xuntas, moi frecuentes por Ávila, e que topamos na Ribeira Sacra (concretamente en Vilela). Si debemos anotar en Segovia o diferente relevo ou profundidade segundo a data de realización, así os máis antigos semellan menos profundos,



algúns case simples riscos con raspado interior e caleado das cintas. De novo un xeito de execución moi na liña das decoracións con cal galegas.



O norte de Guadalajara marca unha ruta diferente

No norte de Guadalajara atopamos varios exemplos de esgrafiados na comarca da Serranía, en lugares como Sigüenza, Luzaga, Congostrina e Palazuelos. A continuidade de Segovia vémosla en trazados xeométricos, entre faixas que enmarcan ocos e sinalan forxados. Pola contra, xa en Lara-nueva non aparece unha orde compositiva aparente, as faixas perimetrais están ausentes, con figuracións illadas (xerras e copas, instrumentos de traballo, galiñas, peixes e serpes, abondosas rosetas, formas anulares e lenticulares), de escaso relevo, non integradas en tramas xeométricas nin curvas, xustamente o contrario do que acontece nas ornamentacións galegas.



Detalle
en Valdefuentes

Detémonos diante dun maior distanciamento, en especial fronte aos trazos a man alzada da Ribeira Sacra, por moito que aquí tampouco empregaron plantas ou moldes na maioría dos deseños figurados. Seguramente outra vía, igual de válida, para a continuidade dos esgrafiados. A técnica de esgrafiar prosegue de cara ao País Vasco, tamén por Calatayud, en Zaragoza, con fachadas de ladrillo e tapijal revocadas imitando perpiaño. E non debemos deixar de nomear a pouco coñecida decoración incisa a base de cal nos rameados, da área de Serrablo, hoxe coñecida como Samianigo en aragonés, da bisbarra de Alto Gállego na porta dos Pirineos de Huesca.

En 2014 Javier Fernández Ortea realiza unha destacable aproximación aos esgrafiados de Sigüenza⁵². Elementos patrimoniais en perigo de desaparición, noutro contaran con ordenanzas municipais favorables, que para o autor foron o modelo tomado en Segovia, estando as execu-

cións dentro do círculo castelán, con parámetros segovianos. Datadas desde finais do século XVIII até o primeiro terzo do XX, repártense de forma case igualitaria entre tipoloxías xeométricas (faixas ou marcos), motivos rascados a man alzada (globulares ou gotas e figuras singulares da flora e fauna), e despieces arquitectónicos (simulacións de perpiaños e finxidos).

Valdefuentes, orgullosa de manter os esgrafiados en Extremadura

En Extremadura son destacados os revestimentos decorados con cal de poboacións como Valdefuentes, Zahínos, Almendralejo, Calera de León, Villasbuenas de Gata, Helechosa de los Montes ou Garrovillas. Un camiño que comunica con Salamanca e Segovia, e que continúa por Andalucía e Portugal.



Esgrafiado
en Valdefuentes

52 Fernández Ortea, Javier, "Los esgrafiados en el término municipal de Sigüenza", en *Encuentros de historiadores del Valle de Henares*, Madrid, 2014, pp. 603 a 625.

Valdefuentes,
vista xeral e detalle



Para tratar os esgrafiados peninsulares precisamos deternos en Valdefuentes, na mancomunidade de Montánchez, a contados quilómetros de Cáceres, pola dedicación e continuidade da técnica até os nosos días, e polo alarde e confianza con que manteñen, presumen e difunden a tradición propia da localidade extremeña. Máis que localismo, vemos un modo de preservar e potenciar a identidade arredor dunha das singularidades de Valdefuentes.

Sempre trazas xeométricas, repetitivas, ocupando toda a fachada, deseñadas con regra e con plantas. Ducias de edificacións decoradas nunha pequena localidade entre rural e vilega, temos

diante a maior proporción de esgrafiados fronte a edificacións non decoradas na Península Ibérica. Valdefuentes é o exemplo de aposta pola conservación dunha técnica e dunha estética desde a vontade decidida dos veciños nunha pequena localidade. Iso é recrear un legado patrimonial desde a base, activar un recurso cultural para difundir o pobo de cara o exterior e fomentar a unidade dos veciños.

En oposición aos difundidos e moi frecuentes deseños xeométricos, con plantas, interesantes os trazados a man, máis irregulares, para establecer paralelismos con Galicia. Achámolos en Cáceres, no palacio de Hernando de Ovando, e



Revestimiento antiguo
en Valdefuentes



Técnica actualizada
en Valdefuentes



tamén en Badaxoz, en lugares como o cuartel de San Pedro.

A técnica de ornamentar ten unha importante continuidade en Andalucía, así vemos, en localidades como Frigiliana ou en Dos Hermanas, paramentos ordenados mediante esgrafiados. Destacamos una notable intervención pública, realizada pola Consejería de Cultura da Junta de Extremadura, que en 1999 levou a cabo obras de restauración e conservación nos esgrafiados de Roblecillo de Gata e Orellana la Vieja.

Anotar que, en 2012, Francisco Sanz Fernández estuda os revestimentos decorados arredor do río Teixo, centrado en Plasencia⁵³. Unha zona

con enorme riqueza e con escasa atención das administracións. Resalta que, en Andalucía e Extremadura, fronte a Cataluña ou Castela, hai traballos de esgrafiadores continuados sen interrupción desde a Idade Media até os nosos días⁵⁴. O autor contrarresta a hipótese da exclusividade mudéxar, repetindo que hai motivos de clara ascendencia gótico-mudéxar ou modelos segovianos, e formas que enlazan con Flandes, o Medio Rin, Suíza e Italia. Nas últimas sinala a trama romboidal ou losangos, e aquí debemos apuntar que esta decoración tamén chega a Galicia.

53 Sanz Fernández, Francisco, "Esgrafiados, encintados y enjalbegados renacentistas en torno al curso medio-bajo del río Tagia", en *Paisajes modelados por el agua: entre el arte y la ingeniería*, Mérida, 2012, pp. 445 a 461.

54 Esta observación non é correcta, se atendemos os datos propios e alleos, tomados de diferentes autores, que ofrecemos para os diferentes territorios, sen quitarlle méritos á que pode ser a zona onde hai unha maior continuidade da técnica.

Esgrafiado en Salamanca



Da Sierra de Francia ao noroeste de Salamanca

En Salamanca consérvanse esgrafiados na propia cidade, estando a decena que coñecemos na liña de Segovia e Cáceres, máis simplificados. Destacar as decoración dos palacios de San Boal e de Arias Corvelle, e varias edificacións veciñas da ponte maior do río Tormes. Interéranos valorar os esgrafiados no rural, por iso debemos achegarnos até a Sierra de Francia. Estamos en unha área granítica, con arquitectura de montaña, e cunha vexetación que nos lembra a Galicia. En Villanueva del Conde, Miranda del Castañar, San

Miguel de Robledo, Las Casas del Conde, Moga-rraz e Monforte de la Sierra temos interesantes mostras de revestimentos. Atopámonos nun cruce de camiños e culturas, debemos lembrar que nesta terra aínda hai restos da fala astur-leonesa, por unha banda, e da modalidade cacereña, pola outra.

Presenta a Sierra de Francia unhas poucas, mais moi significativas, mostras de esgrafiados antigos, e algúns exemplares refeitos. Estase revalorizando a técnica e a estética, hai unha elite cultural que puxa pola recuperación dos revestimentos decorados, con pequenas contribucións como cursos e xornadas baixo o patrocinio da



Monforte de la Sierra

Diputación Provincial de Salamanca. Unha guía da interesante retoma da tradición desde unha óptica contemporánea, onde se restauran obras do pasado e tamén experimentan con unir esgrafiados e pintura mural, crear e desenvolver novas formas desde a actualidade. Despunta neste senso o núcleo de Mogarraz, un exemplo de intervención e recuperación de esgrafiados⁵⁵, que polo demais non sempre convencen ao estar unidas a un modelo turístico discutible, con padrón ou espello nos parques temáticos, polo perigo da artificialidade que representan algunhas actuacións.

⁵⁵ En 2009 realízase o primeiro esgrafiado contemporáneo nunha vivenda particular en Mogarraz, reproducindo o vello modelo da casa derrubada dos propietarios. Xa en 2014 decórase unha panadería con motivos esgrafiados.

Son frecuentes na Sierra de Francia os revocos con motivos xeométricos polícromos, como os dameiros ou axadrezados realizados até a metade do século XX. O grande inimigo dos esgrafiados foi tamén aquí a nova moda de deixar a pedra e madeira á vista, neste caso os entramados, sen o revoco exterior que os protexía da humidade. Esquecen a función estrutural e agora teñen un dubidoso valor estético. A boa nova é que xa hai un artesán capacitado para retomar o oficio, o que posibilitará futuras rehabilitacións e novas realizacións.

Nunha situación e punto oposto, xa no noroeste da provincia de Salamanca e paralelo coa raia portuguesa, está a comarca de La Ramajería, onde topamos o núcleo rural e concello de



Mogarraz, motivos esgrafiados en alusión á antiga panadería que ocupou a edificación



Mogarraz, deseño recuperado



Valsalabroso. Conserva vestixios da lingua leonesa, e mantén case unha vintena de edificacións decoradas con cal, esgrafiados executados sobre vivendas de mampostaría, todas elas desocupadas, nunha localidade que sofre as consecuencias da forte emigración nas últimas décadas. Salváronse con dificultade algunhas casas abandonadas, pois desde a alcaldía executaron unha *modernización* que levou ao derrube dos pórticos propios da arquitectura do lugar.

En toda a zona do parque natural de Arribes del Duero hai restos visibles de esgrafiados, tamén en localidades como Robledo Hermoso ou Villar de Samaniego. Aparecen nas fachadas principais, arredor das xanelas e portas, como faixas perimetrais e rodeando os vans. Están fundamentalmente trazados con regra e compás, forman xeométricos axadrezados ou rombos,

tamén semicírculos superpostos, abondando as rosetas. En contadas ocasións vemos trazados curvos a man alzada, riscos con forma de corda.

Engadir que, no ano 2013, Luis Puga Oribe fixo un estudo sobre os revocos decorados da cidade de Salamanca⁵⁶. Apunta que aquí a influencia maior chega de terras estremeñas, sendo a técnica máis simple e o repertorio menos ornamental e numeroso que en Segovia, de tradición mudéjar. Marca igualmente un considerable distanciamento con Cataluña e Levante, sen tanto destaque na composición arquitectónica e na ordenación das fachadas. Anota tamén que, a finais do século XIX, está testemuñado o traballo de artesáns que repiten polos pobos os modelos da cidade, sendo estes máis creativos.

⁵⁶ Puga Oribe, Luis, *Los revocos decorados y esgrafiados. El caso de la ciudad de Salamanca*, Salamanca, 2013.



Valsalabroso



Robledo Hermoso



Casas del
Conde



Villar de
Samaniego



Igrexa de Rabanales,
no 2000

Por camiños de Zamora: de Alcañices a Seabra

Arredor do río Douro continúan os revestimentos decorados con cal. Localizamos esgrafiados, entre outros lugares de Zamora, no contorno de Villafáfila, presentes en numerosas fachadas da arquitectura de barro e palla —adobe e tapial— de Cañizo. Tamén aparecen dispersos máis ao poñente, de cara ás extremas con Galicia e con Portugal, na Sierra de la Culebra —onde atopamos un variado repertorio, numeroso e de calidade, con probada prolongación nas decoracións galegas— e seguindo o río Aliste.

En Alcañices, lindando co distrito portugués

de Bragança, conservan unha decena de edificacións decoradas con cal. Interesa resaltar que vemos unha tipoloxía moi elaborada, propia dunha vila urbana, destacando por ser esta a localización máis ao norte na Península Ibérica con influencias dos esmerados trazos xeométricos de Segovia e de Valdefuentes (Cáceres). Sabemos de exemplares igualmente ben acabados en Vega de Tera, Codesal, Villardeciervos ou Asturianos, mostras illadas e non concentradas como aparecen en Alcañices, poboación de maior entidade. A outra novidade que presenta Alcañices está na datación, pois sendo moitos esgrafiados do século XIX e primeira metade do XX, a técnica segue viva, chega a edificacións coetáneas do noso tempo.



Alcañices



Execución contemporánea en Alcañices



Villardecierros

Temos esgrafiados por diferentes comarcas zamoranas, como Benavente, Aliste e Seabra. No noroeste da provincia de Zamora destaca a publicación divulgativa, realizada en 2011 por Francisco Vega Ballesteros e Silvia Aguirre Sierra, sobre a comarca da Carballeda⁵⁷. Datados na segunda metade do século XIX até mediados do XX, repiten motivos xeométricos e vexetais, especialmente a flor hexapetal ou roseta. Os autores sinalan dúas liñas, unha culta, orientalizante e italiana, presente en localizacións urbanas, e outra popular, que aparece en zonas rurais, de

⁵⁷ Vega Ballesteros, Francisco; e Aguirre Sierra, Silvia, *El esgrafiado en la comarca de la Carballeda*, Zamora, 2011.

filiación árabe, pola simetría e repetición, máis sinxela e que vai da orixinalidade á inxenuidade⁵⁸.

A Carballeda comparte características coas decoracións galegas e portuguesas, e de xeito notable con León, Salamanca e Cáceres. En


⁵⁸ A moi difundida clasificación académica entre arte culta e popular, que acostuma estar inmersa nunha lamentable xerarquización simbólica do legado patrimonial, esquece que o pobo produce tamén cultura, con transmisión moitas veces regrada por gremios, coa aprendizaxe de escolas artesanais... Unha perspectiva que, curiosamente, fai non considerar por igual a mestres canteiros e pintores medievais –que se estiman como artistas– que aos infravalorados esgrafiadores modernos e contemporáneos. Podemos considerar a diferenciación, polo exposto, unha delimitación elitista carente de significado desde unha abordaxe igualitaria da arte.



Sagallos


contra do publicado, non todos son esgrafiados, pois hai claros encintados que regularizan as xuntas do muro. Destacan os conxuntos de Cernadilla, Asturianos, Sagallos, Codesal e Cional, en estado de conservación crítico, pois, segundo sinalan, só uns poucos propietarios dos dous primeiros lugares son conscientes do valor patrimonial das decoracións con cal.

Con certeza os encintados e os esgrafiados da Carballeda e de Seabra son os máis próximos, tanto na dimensión territorial como nos modelos e técnicas empregadas, ás decoracións galegas. Estamos ante a ponte de unión cos esgrafiados e esgrafitos peninsulares, o lugar de transición para a chegada e desenvolvemento da técnica nas comarcas do Bolo e Trives, e continuada polo apoxeo na Ribeira Sacra e na Ulloa.



Sagallos

Asturianos





Fonte de S. Gonçalo,
Penha Longa
(Sintra)



Detalles na
Porta de
S. Jorge,
en Lisboa

Os esgrafitos en Portugal, do Alentejo a Bragança

En Portugal os esgrafitos destacan sobre todo no distrito de Évora, no Alentejo, en lugares como Aguiar ou Moura. Vemos unha continuidade dos esgrafiados da Estremadura española, unha mostra de que na cultura as fronteiras son máis políticas e mentais que físicas ou culturais. Lembramos que foi Évora a segunda cidade do país do século XII ao XVI, residencia da corte e de artistas e pensadores, polo que temos esgrafitos desde o século XV, mais é no XIX cando renace esta técnica de embelecer as fachadas, motivada por un desenvolvemento ocupacional e da po-boación.

Están os esgrafitos, por tanto, do século XVIII e XIX, presentes en núcleos urbanos como Évora, Elvas, Moura, Montemor-o-Novo ou Monsaraz. Abundan interpretacións de temas cultos, os axadrezados e as espiñas de peixe, rosetas e composicións con círculos entre faixas que estruturan o ornato. Nas últimas décadas produciuse unha deturpación, transformando toda a cidade de Évora nunha localidade branca e ocre, desprezando a riqueza cromática anterior⁵⁹, insistindo Sofia Salema en que é difícil achar un esgrafito exterior non pintado, que se manteña orixinal⁶⁰.

59 Salema, Sofia, e Aguiar, José, "Cor e esgrafito no Alentejo", en *Conservar Património*, n. 9, Lisboa, 2009, pp. 13 a 25.

60 Salema, Sofia, "Cor e esgrafito", en *Pedra & Cal*, n. 39, Lisboa, 2008, pp. 7 a 10.


O deterioro
co abuso do
branco e ocre
en Évora



A divulgación dos estudos sobre as decoracións con cal, contemplando a arquitectura portuguesa, ten un primeiro intento, datado en 1912, na obra de Vergílio Correia⁶¹. Sinala o esgrafito como un dos modos de ornamentación usado desde o Renacemento, tanto en moradas humildes como nos solares da fidalguía, cortando a monotonía do cal. Unha tradición xa perdida en Coimbra, que se mantinha en Portalegre, Évora ou Beja, detallando:

61 Correia, Vergílio, op. cit., pp. 21 a 26.

A preservación
na igrexa do
Espírito Santo
de Marvão
(Alentejo)



“Por tôdas as vilas e cidades do Alentejo os «esgrafitos» dominam o alto das fachadas, avivam as esquinas das casas, acompanham a volta das janelas, abraçam em várias ordens de fiadas o fuste das tôres sineiras (concelhias ou igrejas) e embelezam ainda mais, se é possível, as chaminés”.

Delimita esta forma de decoración ao centro e sur de Portugal —erradamente, como de seguido apuntamos, pois chega ao distrito de Bragança, na fronteira política con Galicia—, para o autor abonda con indicar que na parte granítica o revestimento fórmalo os propios bloques da construción.

No distrito de Bragança conservamos mostras de esgrafitos na actualidade, confirmando que foi unha técnica coñecida e usada no pasado recente. Seguen na liña das decoracións que aparecen entre Zamora e Salamanca, nos Arribes del Duero, e continúan pola Sierra de Aliste e por Galicia. Entre abondosas fachadas revestidas con cal e area, temos nos lindes do parque natural de Montesinho falsas arquitecturas e numerosas composicións xeométricas arredor das xanelas en lugares como Fontes Barrosas, Espinhosela, Grandais, Parâmio, Zeive e Moimenta. Estamos nunha área de forte despoboamento, e tampouco queremos obviar que teñen unha moi dura competencia coa moda da pedra á vista, o inimigo humano que se avergoña ou nega unha oportunidade para a técnica e a estética dos seus antepasados.



Moimenta



Fontes Barrosas



Zeive



Detalle do revestimento na igrexa de Quintela do Pando (Viana do Bolo)



Pentes (A Gudiña)



As Ermidas (O Bolo)

Entramos en Galicia, con espertar no Bolo e Trives

Chegamos a terras administrativamente galegas, pois de cultura galaica xa era Seabra e segue Bragança, compartida coa ástur-leonesa ou dominio do mirandés, e vemos as primeiras decoracións con cal nos revestimentos da Gudiña. Seguen de xeito notable por Viana do Bolo, destacando os trazados curvos executados a man alzada, enmarcados dentro dunha ordenación compositiva delimitada por faixas perimetrais e arredor dos ocós.

Nas Ermidas, por Valdeorras, conservamos numerosas edificacións con encintados e algúns esgrafiados. Son máis de unha decena de vivendas e un pombal, con deseños simples, nun núcleo in-

tegramente restaurado. Afortunadamente valoraron e decidiron conservar a estética tradicional. Mágoa que, xa entrando na técnica, a execución non fose sempre a correcta, pois en algunhas recuperacións non se igualou o muro con recebo, limitándose a tapar as xuntas da mampostaría, ficando rebaixadas e á vista. O problema, confirmado polos veciños, é que algúns muros non son funcionais, meten a humidade para o interior das vivendas. Nótase unha boa intencionalidade e á par un descoñecemento da técnica e do medio no que estaban a intervir. Faltou, sobre todo, unha maior comunicación cos habitantes do lugar, a voz prioritaria a escoitar á hora de decidir o futuro do seu pobo.



Fradelo
(Viana do Bolo)



Fradelo, en Viana do Bolo

En Manzaneda mantéñense unhas poucas edificacións decoradas con cal. A vila medieval presenta numerosas vivendas recuperadas dun xeito deplorable e até ofensivo, que podería considerarse un dos mellores exemplos dunha falsa tradición da pedra á vista⁶².

Moi próximo a Manzaneda está Trives, onde destaca o núcleo de Sobrado. Atopamos arredor de unha ducia de edificacións ornamentadas con cal, vivendas e pazos abandonados que resistiron as modas pasaxeiras. O marco das faixas perimetrais ordena a composición, que acostuma estar chea no interior de trazados curvos executados a man alzada, na liña da gota ou vírgula, e tamén simulación de perpiaño.

Conserva Sobrado de Trives algunhas mostras inequívocas de esgrafiados, modelos que se repiten en outros lugares próximos, o que indica o traballo dun mestre ou escola a finais do século XIX ou nas primeiras décadas do XX. Imposible entender e denominar de outro xeito que non sexa esgrafiados ou esgrafitos ás decoracións que exhiben dúas notables edificacións da aldea. Son estas ornamentacións complexas, de grande calidade e mestría na execución técnica.

⁶² Pegar laxas de granito ao muro, nunha imitación groseira de aparello irregular, e cunha disposición que non ten outra funcionalidade que a decorativa, imposible de manter os bloques pétreos se tivese función construtiva, é dunha torpeza enorme. A dureza da obra e a seguranza dos moradores e visitantes pode ser un risco para o futuro. O peor é que se difunda como poboado medieval e que se estenda a moda a outras rehabilitacións.





Sobrado de Trives



Manzaneda



Detalle esgrafiado en Sobrado de Trives



Vírgulas en Sobrado de Trives



Faixa baixo o abeiro en Sobrado de Trives

Reitoral de Montefurado,
en Quiroga



O destacado florecemento na Ribeira Sacra

Os modelos vistos en Trives teñen continuidade en Quiroga, na outra banda do río Sil, pois aínda se conservan en Montefurado mostras de esgrafiados de notable perfección no procedemento de execución. Sendo a Ribeira Sacra unha área con grande amplitude territorial e diversidade interior, cruce de importantes camiños históricos, as variacións están presentes nas decoracións con cal.

O desenvolvemento da gota, vexiga de peixe ou vírgula fai ben recoñecibles as decoracións de Taboada, Chantada, Carballedo, O Saviñao, Pantón, Sober, Quiroga, A Teixeira, Parada de Sil e Nogueira de Ramuín. Con diferenzas por zonas no propio interior dos concellos, debido ao traballo de determinados autores e os seus aprendices, que foron xerando escolas artesanais. Así anotamos a especial prolongación nos remates dos trazados curvos en Taboada e norte do concello de Chantada, as formas anulares e lenticulares

de Carballedo a Quiroga, destacando tamén en Sober as estilizacións vexetais, que chegaron a Monforte de Lemos.

Datadas no século XIX até o primeira metade do XX, presentan tipoloxías xeométricas, como faixas perimetrais e arredor dos ocos, realizadas con regra e compás, empregando tamén plantas ou moldes nos deseños repetidos. Os motivos trazados a man alzada ocupan os recheos interiores, destacando a evolución ou desenvolvemento da forma coñecida como gota ou vírgula, moitas veces suxerindo figuras caprichosas e singulares da flora e fauna, e despieces arquitectónicos, simulacións de perpiño e arquitecturas finxidas.



Fervenza,
en Sober

Mosteiro, en
Piñeira (Taboada).
Decoración
retirada



Cristosende,
na Teixeira

Dedicamos un apartado específico para sinalar as singularidades dos revestimentos da Ribeira Sacra, polo tanto aquí interesan máis as continuidades peninsulares dentro das ornamentacións galegas. Repetimos que nos achamos nun entrecruzamento de vías, polas que penetran as formas chegadas polo Bolo e Trives, vistas en terras de Zamora e Portugal, tamén en Cáceres, repasadas en Salamanca e nos antigos trazados executados a man en Segovia, as gotas ou vírgulas que de novo debemos ter presentes. E que teñen difusión e saída cara comarcas veciñas de Lugo (na Ulloa, e tamén en Sarria, en especial no Incio, até Lugo centro), Pontevedra (no Deza, nomeadamente por Camba, e Tabeirós) e de Ourense.

Na década final do século XX conservamos aínda máis de un milleiro de edificacións deco-

radas con revestimentos de cal na Ribeira Sacra. Estamos ante a que posiblemente sexa a maior concentración de encintados e auténticos esgrafiados da Península Ibérica en ámbito rural. Certo que case todas son xa mostras arruinadas, dalgunhas só mantemos a lembranza a modo de fotografías, predominando en vivendas abandonadas.

A oportunidade que ofrece a aposta decidida do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra en 2017, de estudo, recuperación e consolidación de uns poucos exemplares visitables, pode significar unha mudanza na tendencia. Un punto e aparte no tempo, a ocasión para salvar algunhas decoracións significativas, de retomar a técnica, experimentando con esta á par das novas propostas contemporáneas de decoración mural.



A prolongación na Ulloa arredor do Camiño de Santiago

As decoracións da Ribeira Sacra teñen continuidade pola Ulloa, mantendo as formas coñecidas da comarca de Chantada e, cunha vinculación moi directa, en especial no lindeiro concello de Taboada. Contabilizamos duascentas corenta edificacións ornamentadas con cal, un número moi considerable para un pequeno territorio⁶³. O desenvolvemento da vírgula está moi presente en varias dúcias de revestimentos

⁶³ Segundo datos propios, recollidos no inventario realizado no ano 1992 para os tres concellos da comarca da Ulloa (Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei).

decorados con cal, moitas delas de notable calidade técnica e acertada feitura.

Por Antas de Ulla aparecen composicións figuradas, como unha banda de música, ou unha efixie en cabalo, a modo de guerreiro en combate, que se repite en diferentes lugares (non podemos asegurar que represente o Apóstolo Santiago, os informantes non o identificaron como tal). En Monterroso atopamos claras mostras de esgrafiados, obra de artesáns de Taboada. O recebo cobre toda a superficie, trazando estilizacións vexetais e de animais, que logo se complementan pintando con cal certos detalles do debuxo.



Fondevila,
en Olveda
(Antas de Ulla)



Suar
(Antas
de Ulla)



Bidouredo
(Monterroso)



Podente
(Monterroso)




Sandolfe
(Monterroso)



Maceda
(Palas de Rei)

Xa en Palas de Rei eran frecuentes as tramas romboidais ou losangos, como as que aparecen nas fachadas da igrexa de Sambreixo e na capela de Vilar de Donas. Outra característica propia de Palas de Rei está na evolución das formas circulares, unhas manteñen os deseños xa vistos que derivamos da gota, outras fanse grosas e alongadas, e algunhas perden a sinuosidade dos remates que viñan aparecendo desde a Ribeira Sacra, no seu lugar trazan varios lóbulos, ficando motivos con forma de nubeiros. E, finalmente, achamos faixas pintadas baixo os abeiros nas igrexas situadas na contorna do Camiño de Santiago, que nos falan dunha técnica diferente baixo unha concepción estética común.





Bidueiros
(Agolada)

Algunhas mostras espalladas polo Deza e Tabeirós-Terra de Montes

Xa sinalamos, nun apartado anterior, como Bouza Brey e Xurxo Lorenzo, no ano 1947⁶⁴, anotan que nas comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, hai interesantes exemplos de decoracións con cal. Destacan o que chaman *cin-tados* da Estrada e Lalín, con preferencia a formar debuxos con xeito de corazón e circulares,

⁶⁴ Bouza Brey, Fermín; e Lorenzo, Jorge, op. cit., pp. 1 a 30.

chegando a crear escenas na parroquia de Guimarei, no que describen como un longo friso con motivos de caza, aves, botellas e copas.

En Camba as formas derivadas da vírgula ou gota, que acadaron un grande desenvolvemento na veciñas comarcas de Chantada e da Ulloa, son as dominantes. Por Agolada consérvanse interesantes decoracións con cal, desaparecendo segundo se van acondicionando as casas conforme á moda vixente de deixar a pedra dos muros ao descuberto. Presentan bandas perimetrais, con recheos interiores a modo de encintado lineal do perpiaño ou con formas sinuosas nas xuntas.

Couso de Arriba
(Agolada)Costoia
(Silleda)

Por Silleda temos tamén mostras dispersas de decoracións con cal nos revestimentos, con aparencias de figuras vexetais, zoomorfas e de instrumentos de traballo. E, finalmente, na Estrada seguía en pé nos primeiros anos do século XXI a edificación de Guimarei que describiran como *cintado* Bouza Brey e Xurxo Lorenzo. Estamos ante un claro esgrafiado ou esgrafito, xa que a decoración foi aplicada sobre un revoco que cobre toda a superficie da fachada, logo raspada a camada superior e pintada con cal, para resaltar os debuxos. A decoración figurada xa non está no recheo, que aquí imita pedras de boa cantería en ángulos rectos, limitándose ás faixas.

Guimarei
(A Estrada)



Piñeira Seca, en Xinzo de Limia

Decoracións dispersas desde o Carballiño até Verín

Pola provincia de Ourense son centos as mostras de decoracións en cal diseminadas polo territorio. Alén das comarcas de entrada e maior desenvolvemento da técnica, concretamente no Bolo e Trives, cara a Ribeira Sacra, conservamos revestimentos de interese pola Limia e Verín, chegan a puntos da Baixa Limia (destacando por Lobios), en Allariz-Maceda, na de Ourense e no Carballiño.

Por Cea, Vilamarín e Amoeiro, nos lindes coa Ribeira Sacra, abundan aínda as decoracións con cal, que continúan os modelos xa vistos das ribeiras do Miño. O mesmo acontece coas terras que seguen ás veciñas do Sil, desde Maceda, onde a tendencia á curva no resalte das cintas dos bloques da fábrica faise menos acusada e convive coa lineal ou rectilínea. Debemos anotar que en ocasións desaparecen as faixas perimetrais, perdendo o marco que estrutura e delimita o ornamento.



Na Limia destaca o lugar de Trandeiras, con varias edificacións decoradas con cal. Lamentamos, nas visitas realizadas nos últimos anos, comprobar que tamén aquí rehabilitan sen valorar a técnica herdada e desaparecen interesantes exemplares. Vemos combinacións de encintados, con faixas perimetrais e arredor dos ocos que presentan deseños xeométricos, podendo aparecer esgrafiados ou trazados directamente sobre a pedra limpa, resaltando as rosetas, moi abundosas e características da Limia. A notable calidade dos bloques da fábrica, valorados no lugar, fixo que se mantivesen sen cubrir por un revoco toda a superficie, mais a moda vixente de decorar motivou a incorporación de encintados, con función arquitectónica e ornamental, e pequenos detalles esgrafiados.





Rematamos o percorrido polos camiños da cultura dos revestimentos nas terras de Verín, onde se manteñen as formas vistas pola Limia, e tamén conviven con encintados curvos con remates en picos. Atopámonos nun punto de encontro dos trazos que aparecen pola Gudiña e a valorización do perpiaño escuadrado, no que se resaltan as xuntas cunha cinta de cal.



A especificidade das decoracións na Ribeira Sacra

Ademais dunha probada continuidade peninsular, as razóns que explican o florecemento das decoracións con cal no sur e leste de Galicia, e especialmente entre as provincias de Lugo e Ourense, son que esta é unha zona de cachotería ou mampostaría —fronte á menor presenza de perpiaño ou cantería—, polo que se axeita para o acabado do muro⁶⁵, ao igual que o fai o esgra-

65 O recente hábito de restaurar deixando os cachotes de pedra á vista, moi seguido na Ribeira Sacra, ofrece moitas veces un acabado estético de gusto discutible, pola abondosa presenza do cemento que ocupa os ocios cando a superficie do muro non é regular.

fiado sobre os ladrillos, cachotes e entramados en Castela, corrixindo as irregularidades e dignificando as fachadas. Ao anterior debemos engadirlle a valoración desta ornamentación nunha época —contemporánea coa arquitectura da Península Ibérica, como foi o século XIX e primeira metade do XX, en Segovia, Salamanca, Cáceres, Évora ou Zamora—, que a difunde como unha moda con grande implantación para o acabado das edificacións.

Con todo, non sempre é certa a opinión

Doade, en Sober



moi difundida, considerando que os esgrafitos disimulan paramentos pobres. Joaquim Inácio Caetano fala da moda dunha época na que se valora a capacidade de imitar, moi especialmente na estereotomía da pedra, pois emprégase en obras custeadas por familias con poder, en terras onde dispoñen de outros recursos como o mármore⁶⁶. Estamos ante unha técnica peninsular reinterpretada en Galicia, repetindo formas xa coñecidas e xerando outras, acadando unha estética singular para os revestimentos decorados da Ribeira Sacra.

Falamos do alongamento nos séculos e desde territorios que estreman, na técnica, na

estética, nos motivos... E non esquecemos a extensión do medio natural, xa que coinciden na litoloxía en boa medida as rochas graníticas por Estremadura, Salamanca, Zamora e Galicia. O contorno non determina, mais condiciona, por iso hai semellanzas no territorio, na vexetación, no poboamento e na cultura galega con Carballeda, Bragança, Arribes del Duero ou Cáceres.

Anotemos tamén que temos restos de fornos de cal, caleiras ou caleiros na Ribeira Sacra. Neles cocía a pedra calcaria, que logo era moída e comercializada como cal vivo, que será apagado con auga. Son coñecidos, e consérvanse ruínas, no Cotillón (Pantón), Cereixido, Paradaseca, A Seara e Vilarbacú (Quiroga). E en terras lindeiras, como San Román do Mao, Toldaos (O Incio), e Vilamor —recuperado en 2015— e Vilasibil (O Courel), ademais de traer o cal de Ponferrada.

⁶⁶ Caetano, Joaquim Inácio, "400 anos a fingir ou os acabamentos nas paredes dos edificios dos séculos XV e XVI", en *Artis-Revista do Instituto de História da Arte da Faculdade de Letras de Lisboa*, n. 5, 2006, pp. 125 a 144.



Esteva,
en Taboada, en 1992



Cerdeda,
en Taboada, en 1992



O Campo de Abeleda,
na Teixeira



Susá,
en Taboada,
en 1992

A composición ou estrutura

Para poder valorar mellor esta técnica das decoracións con cal, debemos resaltar a planificación ou proxecto previo á realización da obra. Esta ordenación da composición e do lugar que ocupará no muro, aínda que non conte cunha representación física —sobre papel—, ten presente a aprendizaxe e a experiencia, o que certifica a importancia da ornamentación dentro da sociedade que a promove, destinándoa ás partes máis visibles das edificacións.

Como norma xeral, dicir que na estruturación parecen predeterminadas, ou case obrigatorias, as bandas perimetrais —marcan as dimensións e delimitan as plantas ou forxados— e en torno aos vans —portada, xanelas ou fiestras—,

en ocasións estas faixas convértense en orlas. O espazo interior pode presentar cintas que seguen, con desigual fidelidade, os bloques do muro, ou —esquecendo as formas dos paramentos, e cobrindo toda a parede— un revoco decorado con motivos executados con plantas, regra e compás, ou á man, baleirando espazos na busca dun contraste entre as cores do fondo e as partes en relevo. Esta decoración interior, anque máis libre, aparece condicionada polos materiais do muro, a época e o lugar de realización, o autor e os seus mestres, e os gustos e a dispoñibilidade económica do propietario, que á vez se reflexa na entidade da edificación.

Remarquemos as diferenzas. As liñas poden simbolizar un elemento estrutural, o marco que

delimita o espazo; os trazos con moldes, compás e regra, amosan a regularidade facilitada pola ferramenta e as plantas; mentres os deseños feitos a manalzada, de xeito menos regular e máis imperfectos, ofrecen o ritmo vital propio dos humanos.

Os motivos

Escollemos un clásico, a visión propia e orixinal de Xaquín Lorenzo, para valorar a harmonía das edificacións decoradas coa contorna⁶⁷:

“Algunhas casas, especialmente na beiramar e nas cidades do interior, teñen as súas paredes totalmente cubertas de cal, producindo un efecto que non encaixa, certamente, na paisaxe, xa que dan unha nota aceda nun meio doce de por si”.

Son, polo dito, os encintados e os esgrafiados un xeito de integrar elementos arquitectónicos no medio natural e cultural dos lugares habitados e nos tramos dos Camiños de Santiago que discorren pola área da Ribeira Sacra.

⁶⁷ Lorenzo Fernández, Xaquín, “Etnografía. Cultura material”, en *Historia de Galiza* (dir. Otero Pedrayo, R.), Buenos Aires, 1962, vol. II, pp. 12 a 14.



Vilariño de Arriba, en Taboada.
Vivenda arruinada na actualidade



Vilar, en Vilela
(Taboada)



Ferreira
(Pantón)

Non nos detemos ante un revestimento secundario, forma parte da concepción do edificio e da paisaxe, é un ben do legado patrimonial que a comunidade pode considerar.

Deixar a pedra á vista no centro e norte peninsular, ou branquear todas as superficies no sur, son intervencións que falsean a historia da nosa arquitectura⁶⁸. O problema maior é que moitas veces lévanse a cabo con fondos públicos, en programas de restauración dirixidos pola administración, e son fomentados por regulamentos municipais que din pretender recuperar a estética orixinal.



Santiago
de Arriba,
en Chantada

Aprendemos, demasiado tarde para moitos exemplares destacados, que tanto as obras clásicas, como as catedrais e igrexas rurais, tamén os cruceiros e petos de ánimas, eran polícromas. Estamos no momento de revisar o xeito de proceder na paisaxe das aldeas.


⁶⁸ Salema, Sofia, "Cor e esgrafito. Saber ver para proteger", en *Construção Magazine, Revista técnico-científica-engenharia civil*, n. 25, Porto, 2008, pp. 27 a 33; Salema, Sofia, e Aguiar, José, op. cit., 2009, pp. 13 a 25; e Ruiz Alonso, Rafael, "Cuestiones de terminología en torno al procedimiento artístico del esgrafiado y sus variantes técnicas", en *De Arte-Revista de Historia del Arte*, n. 14, León, 2015, pp. 22 a 37.



Rosetas en vivenda de Piñeira (Taboada), e hórreos de Ouriz (Taboada) e Pedrafitá (Chantada)

As tipoloxías na decoración con cal son moi variadas, sempre dentro dunha composición planificada e ordenada, pois está destinada a revestir e a embelecer as partes máis visibles das edificacións. Os deseños van desde faixas con trazados xeométricos (realizados empregando regras, falsas ou compás e plantas ou moldes), a motivos con tendencia á ondulación, aparecendo xeralmente combinados de xeito que as faixas de cal marcan a estrutura da edificación, con desenvolvemento perimetral e arredor dos ocos, presentando o interior con debuxos curvos ou xeométricos (executados a man). As variacións nas formas obedecen a época de realización, ao autor e á área onde se localiza a decoración. Entre esas formas, en moi poucas ocasións illadas no muro, aparecen figuracións como aves, peixes, serpes, animais fantásticos, recipientes (copas, vasos, xerras...), plantas, rosetas, cruces, etc., unhas veces só suxeridas e outras claramente deseñadas.

As figuras poden estar asociadas, formando representacións, como un grupo de gaiteiros (Abelairas e Pedrouzos, no Campo), homes con xerra no medio (en Vilariño de Arriba, Taboada), e outras máis frecuentes como o raposo e a galiña (en Cangas e na Ermida, Pantón; Vilela, Taboada; Argozón, Chantada), ou unha serpe e paxaro (Gondulfe). Tamén poden tratar de simular elementos arquitectónicos, finxidos como pilastras e capiteis (Proendos e Naz, en Sober; Carracedo, na Peroxa), ou aparentar un muro de pedra escuadrada onde debaixo do revestimento só hai cachotes irregulares. Os trazos e a figuración son resaltados pola diferente cor e textura do cal e do revoco, empregando en ocasións unha paleta cromática limitada, aínda que variada (branco do cal e gris do recebo, anil, ocre ou cores oxidadas e verdes).



Propietario, ano e serpe sobre porta en Esperante (Taboada)

Entrepano en Paderne
de Mariz (Chantada)



Raposo e galo
en San Fiz de Cangas (Pantón)






Rolle, en Chantada.
Unha mostra da decoración retirada

O desenvolvemento da vírgula ou gota

O recheo interior dos revestimentos decorados, enmarcado entre faixas, pode aparecer ocupado por imitacións de bloques de pedra no revoco, coas xuntas saíntes e pintadas de branco, a modo de perpiaño finxido. Outro modelo, xa visto á par na Península Ibérica, son as formas derivadas da burbulla, gota ou vírgula. Imos deternos nestas últimas, que terán continuidade, grande aceptación e amplo uso na Ribeira Sacra.

A vírgula é un motivo antigo, presente tanto na cultura neolítica e na celta como na oriental, que foi moi empregado no gótico tardío, descrito como chama ou vexiga de peixe, e no mudéjar⁶⁹. Trátase dun deseño moi orixinal, dotado de asimetría harmónica, dinámico, que no século XVIII está de moda nos tecidos —o padrón Cachemira— importados da India. Nos esgrafiados acada certo equilibrio e cadencia, e serve para recheos dentro do clásico horror vacui.

⁶⁹ Martín Criado, Arturo, "La burbuja y la cruz de burbujas en el arte popular", en *Revista de Folklore-Fundación Joaquín Díaz*, n. 400, Valladolid, 2015, pp. 4 a 24.



Unha das singularidades a destacar nos deseños dos revestimentos decorados da Ribeira Sacra é o desenvolvemento da vírgula. A hipótese que ofrecemos é un progreso, evolución ou expansión da forma orixinal da gota, así aparece dobrada, espellada, multiplicada... Insistimos en que se presenta con certa sistematización e regularidade, equilibrio nunha repetición continua, e sempre executada a man alzada, con trazos menos uniformes e máis libres que os ofrecidos por un molde. É a especificidade dos encintados e dos esgrafiados da Ribeira Sacra. Do mesmo xeito que, en Segovia, a evolución deu lugar a numerosos deseños xeométricos, como a cruz de gotas, usando plantas como modelos.

Non omitimos outra posibilidade, moi repetida nos estudos sobre as decoracións con cal, como é a evolución das xuntas, desde o encintado. O factible progreso do encintado ao esgrafiado xa anotado. Igualmente pode formularse unha hipótese funcional, as curvaturas e acabado en punta facilitan a evacuación da auga da chuvía do muro, para que sexa máis eficaz o biselado debe ter maior apertura no exterior e menor no interior. Outra posibilidade está na execución, prestada polo movemento que se transmite á paleta⁷⁰. Finalmente, preferimos anotar unha

⁷⁰ Hipótese formulada por Pedro Iglesias, mestre artesanal de Sober.

explicación cultural, considerar a difusión, aprendizaxe e continuidade dunha herdanza ou legado, dentro dunha moda ou estética, que recolle todas e cada unha das opcións anteriormente descritas.



Ansar,
en Taboada



O Carballo
(Taboada). Desaparecida



Fondo de Vila, en Sabadelle
(Chantada), en 1992



Deseños orixinais de carimbos nativos retomados como pintura mural no arquivo municipal de Porangatu (Brasil)



Padróns estéticos semellantes usados en Teimende (Parada de Sil), Suar (Antas de Ulla) e no Campo de Abeleda (A Teixeira)



Padróns locais, importados e universais

Dentro das variadas tipoloxías na estética, os motivos vexetais pódense relacionar con deseños vistos no románico, molduras e faixas lembran as de época barroca, como tamén podemos asociar as rosetas coa arte castrexa ou céltica, ao igual que con outras épocas e culturas menos próximas. Non precisamos pecharnos só en posibles continuidades para unha técnica ou deseño, que semellan evidentes nos esgrafiados peninsulares⁷¹, nin con teorías do difusionismo, xa

71 Na cultura os préstamos dos pobos veciños son constantes ao longo dos tempos, potenciados con camiños de arrieiros, da sega, romeiros e de peregrinos, migracións, repoboacións e conquistas, transferencia de saberes que se incorporan ao legado propio. Moitas veces podemos rastrealos e seguilos, mesmo temos a obriga de sinalalos, como no caso dos esgrafiados peninsulares. Mais non debemos silenciar un punto distorsionador, a maioría dos estudos están incrustados en postulados ideolóxicos (e poden ser igual de nacionalistas no caso catalán, que só ollan a Italia, que no castelán, falando de mudéxares ou hispano-musulmáns como arte xenuinamente española).

superadas pola antropoloxía. A xénese e a evolución desde un local particular, seguindo teorías de finais do XIX e do século XX, como é derivar os esgrafiados do Renacemento italiano ou dos mudéxares, esquece que culturas sen contacto poden chegar ás mesmas solucións técnicas e a creacións estéticas paralelas. Así, nas artes dos nativos, desde África, Australia e, sobre todo, en América, temos exemplos de padróns que se repiten nos esgrafitos, como estilizacións e sínteses de elementos naturais e xogos xeométricos.

Os motivos de ornamentación das construcións decoradas con cal teñen semellanzas cos empregados en outras artes, como as obras de tear, de cantería, pezas de forxa, ou de carpintería. Formas decorativas que son coincidentes no mesmo tempo e lugar, pode que en ocasións até sexan obra das mans dos mesmos autores, logo semella evidente que, para esta área, tamén os significados o serían moitas veces.



Zoás,
en Taboada

A estética e formas mouriscas

Vicente Risco, cando estuda a ornamentación da casa galega⁷², sinala que o encintado lembra formas da arte das vangardas —referíndose aos trazados envolventes con propensión ás curvas e contra-curvas—, e tamén:


“Outras veces teñen pequenas composicións relixiosas ou humorísticas, ou dunha inxenua in-

tención ornamental: cruces, a veces con escaleiras ó pé, ou en compañía dos atributos da Pasión, ostensorios redondos, monogramas da Ave María, etc.; paxaros dun deseño infantil, moi abondosos, unha pita con pitos, un burro, outros animais, cabalerías con xinete, o esbozo dalgunha escea, instrumentos de labranza, etc.; a rosácea de seis puntas e outras composicións xeométricas semellantes ás das tallas en madeira, e que teñen seu precedente na arte das citanias, vense tamén moito, soltas ou en compañía das outras figuras”.

⁷² Risco, Vicente, “Etnografía. Cultura espiritual”, en *Historia de Galiza* (dir. Otero Pedrayo, R.), Buenos Aires, 1962, vol. I, pp. 723 a 725.



Castaxúa,
en Sober



Pedrafita,
en Chantada



Pesqueiras,
en Chantada

Os trazados con acusada disposición en onda, os que máis abundan como adorno das fachadas, son os que presentan maiores dificultades á hora de interpretalos e de buscarlles posibles orixes. Un informante, veciño de San Fiz de Asma, en Chantada, en plenas ribeiras do Miño, deunos o nome de *morisca* para este motivo decorativo⁷³. Acontece que, ao mesmo tempo e a unha certa distancia dentro da Ribeira Sacra, xa nas ribeiras do Sil ao seu paso polo concello de Sober, outro informante maior ofreceulle a mesma denominación a Plácido Lizancos⁷⁴.

A definición de *mourisca*, valorada con respecto, pódenos aclarar a súa orixe. Se seguimos a José Ramón Paniagua⁷⁵, temos que este vocábulo procede da obra realizada polos mudéxares, asimilando formas decorativas do renacemento —como os grutescos en xeso—, e remata:

“En sentido estricto y estilístico sólo debe llamarse morisco a lo que ha incorporado elementos o formas posteriores a lo gótico y se extiende, en estrecha relación con la arquitectura popular española, hasta el siglo XVIII”.

Outra definición de *mourisca*, como arte decorativa, ratifica esta como motivos de ornamentación formados por follaxes caprichosos⁷⁶. Formas vexetais que se poden poñer en paralelismo con moitos dos trazados das decoracións con cal (deseños con representación de follas, estilizacións vexetais...). Debuxos presentes nas ornamentacións dos revestimentos galegos, e de xeito especial na Ribeira Sacra.

73 Informante da Laxa de Arriba, en San Fiz de Asma (Chantada).

74 Lizancos Mora, Plácido, op. cit., pp. 27 a 34.

75 Paniagua, José Ramón, op. cit., pp. 221 e 222 (voz “morisca”).

76 *Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo Americana Espasa Calpe*, 1985, tomo XXXVI, p. 1104 (voz “morisca, art. dec.”).





Vilela,
en Taboada



Mosteiro de S. Vitorio
de Ribas de Miño
(O Saviñao)



Corredoira,
no Saviñao



A Ponte,
en Castro Caldelas



Igrexa de Ferreira
(Pantón)



Mariz
(Chantada)



Base de hórreo
esgrafiada en
Fiunte (Taboada).
Imaxes de 1992

A característica fundamental destes trazados curvos é que son executados sen plantas ou moldes, facéndose a man “para que non saían todos iguais”⁷⁷. A orixe pode estar no recorte do morteiro das xuntas das pedras —encintado—, evolucionando cunha intencionalidade estética até chegar á curva acusada, podendo enlazar con outras tradicións culturais galegas con tendencia á onda (motivos atlánticos e barroquismos).

Aínda que tamén pode relacionarse, movidos pola denominación de mourisca, coa tradición hispanoárabe presente na arquitectura peninsular, hipótese arriscada que xa formulamos

en 1995⁷⁸, que se reforza se consideramos que na ornamentación os esgrafiados peninsulares —tecnicamente emparentados coas decoracións galegas, e con prolongación no tempo e no espazo xeográfico, como xa se explicou— son unha manifestación con contribucións mudéxares.

Estamos ante decoracións galegas de cronoloxía tardía, que evidentemente aquí non son obra propia de mudéxares. Podemos ver similitudes cos arabescos nos trazados, seguir a continuidade dunha tradición cultural, demostrada en formas posteriores ao románico e gótico (da burbulla, gota ou vírgula que se desenvolve

77 Informante da Lagoa, en Cicillón (Taboada).

78 Vázquez Rodríguez, Xosé Manuel, 1995, op. cit., pp. 131 a 142; e 2014, op. cit., pp. 85 a 114.



Ralle, en Vilela
(Taboada)

dando lugar ao peixe) que chegaron á Ribeira Sacra, posibles follaxes singulares, arquitecturas simuladas, lembranzas da pintura mourisca denominada na época de *echar cintas* ou lazos, na estética. Tamén, polo xeito en que se organiza a composición, a destacar o horror vacui e a repetición de motivos. Ademais, sabemos da continuidade peninsular da técnica do esgrafiado ou esgrafito, por moito que estes termos non se empregaran en Galicia. E, sobre todo, conservamos os galegos a voz *mourisca* viva na fala até finais do século XX.

Aclaremos que, a arte mudéjar, termo relativamente recente, pois foi usado desde mediados do século XIX, como obra de arquitectura e deco-

ración dos mouros ou mourisca, persiste na estética peninsular até o século XX. Non falamos aquí dun concepto étnico senón estético, de formas e de técnicas herdadas. Imposible facelo despois das conversións forzadas ou expulsións daquel pobo. Son obras executadas por mouros, xudeus ou cristiáns dentro do que se coñece como tradición hispano-musulmá.

A pintura ao estilo mourisco foi estudada en Castela na tese de Carmen Rallo⁷⁹, unha técnica realizada por alarifes, albaneis e caleiros, entre outros nomes. Debemos anotar que predominan

⁷⁹ Rallo Gruss, Carmen, *Aportaciones a la técnica y estilística de la Pintura Mural en Castilla. Tradición e Influencia Islámica*, vol. I, Madrid, 1999.



Zoás,
en Taboada



Zoás,
en Taboada



Ouriz,
en Taboada




O Couto,
en Taboada

os temas xeométricos, entrelazos ou cintas, a profusión de debuxos simétricos, as arquitecturas finxidas, con motivos florais estilizados, repletos de repeticións. Reparámos en técnicas decorativas que conviven no tempo e no espazo, con seguros intercambios, máis alá de parentescos, posibles filiacións ou de orixes compartidas.



Argozón
(Chantada)



A Facha,
en Esperante (Taboada)



A Facha,
en imaxes de arquivo

Rematando, tampouco podemos deixarnos levar pola redución a un falar de quen carece de explicacións certas, pensando que os informantes nos están manifestando que son *obras dos mouros*⁸⁰, de orixe descoñecida, a explicación mitolóxica para castros, mámoas, covas... Temos diante as edificacións realizadas e pagadas polos propios informantes, polos seus pais ou polos avós. Son obras executadas por albaneis ou caleadores que lembran, coñecen, identifican e valoraron en tempos relativamente recentes. Nada a ver coa atribución aos mouros da fábula. Precisamos, primeiro saber preguntar, e logo ter capacidade de escoita e interpretación no seu contexto.

80 Lizancos Mora, Plácido, op. cit., p. 27.



Unha nova icona para o turismo da Ribeira Sacra: os esgrafiados

Na actualidade a teoría do patrimonio superou a idea de monumento, tamén dar prioridade ou exclusividade ao legado histórico-artístico, por moito que non chegase aos ouvidos de algúns xestores e guías. Falamos de cidades e lugares patrimonio, de paisaxes en territorios humanizados, intervídos e modelados polos veciños como a Ribeira Sacra, de contextualizar as posesións materiais e os saberes do pobo, de interpretar e democratizar a herdanza cultural, e de usala en beneficio da comunidade. O turismo, sempre que se cumpran as anteditas recomendacións, pode ser de grande axuda para conservar os bens patrimoniais, alén de dinamizar comunidades

locais e, tan importante, fixar poboación no rural.

Sabemos que a declaración de un ben patrimonial non é unha categoría natural nin universal. O patrimonio é unha construción social⁸¹, trátase dunha escolla tipicamente das elites, cando debería ser a sociedade plural quen decida, para que se viva e coide como algo propio. O proxecto, deseño e a execución dos programas e accións precisan darlles participación destacada á veciñanza. Podemos e debemos abrir a xestión dos recursos aos que os herdaron.

81 Prats, Llorenç, *Antropología y patrimonio*, Barcelona, 1997.




Hortás,
en Anllo
(Sober)

As funcións do revestimento decorado

Convimos sinalar que as funcións da decoración son múltiples, como a arquitectónica, ao ser á vez revestimento e protección do muro (contra a humidade, ofrecendo compacidade e resistencia), a aplicación hixiénica (polas propiedades microbicidas e antiparasitarias do cal), a misión estética (desde consolidar a disimular fábricas humildes con decoración rápida, acabado dos elementos arquitectónicos, a modas decorativas con axadrezados, flores miúdas, orlas, pilstras...), e tamén simbólica, en figuracións como as abundantes cruces e rosetas, cazadores ao lado da portada (en Piñor, Gondulfe), serpe sobre a porta (en Armenteira, Esperante, Gondulfe, Zoás), etc., que vemos como idea de protección.

Non é unha simple decoración mural, estamos diante de un código de comunicación complexo. Revela valores estéticos e sociais, unha tradición e a continuidade dunha identidade e, de xeito moi evidente, sinala relacións coa paisaxe, co medio no que se habita.


Interésanos unha nova lectura do uso ou aplicación comunicativa. As copas, vasos, xerras e botellas son moi abondosas: Vilela, Campo, Zoás, Couto, Bidueiros, Mato, A Estivada, Arriba, Mariz... Terían a intención de convidar ao camiñante —de amizade ou fraternidade—, a destacar agora nos Camiños de Santiago e nunha área emerxente no desenvolvemento turístico e na produción de viño, como é a Ribeira Sacra.



Santiago de Arriba,
na ribeira de Chantada



Xerra de vergas
en Mariz (Chantada)



Ornamento descontextualizado, por retirada de
revestimento de cal, na Estivada (Carballedo)



A defensa da
portada, con
cazadores a
ambos lados
en Piñor
(Taboada)



Taboada dos Freires
(Taboada), en 1992

É importante considerar que, aínda manténdose un deseño no tempo, os posibles significados puideron cambiar, non sendo os mesmos para tódalas áreas culturais onde aparezan estes motivos decorativos. Tamén poden atoparse letras, que son iniciais do nome do propietario da edificación—o revestimento era a última fase da construción—⁸²; levando en ocasións a data de realización da obra, colocada xeralmente en lugares moi visibles. Reparemos, de novo,

⁸² É significativa a inscrición «Vicente G. L. el que pagó», realizada xa en cemento, en Vilar de Cabalos (Taboada).


no que implica unha ampla utilización dos revestimentos decorados na Ribeira Sacra, comezando polo proceso de produción, o custo material, económico e de tempo na execución, e polo esforzo de formación, transmisión e aprendizaxe de habilidades e técnicas, do seguimento da tradición á innovación. Un encarecemento xustificable por un valor simbólico, hábito ou moda estimada polo propietario e a sociedade. Unha arte sentida pola comunidade, desde a intencionalidade do creador ao recoñecemento do propietario e do grupo. Estamos diante dunha valoración social e construción cultural onde se suma o emprego utilitario, a representación de ideas e a expresión decorativa.



Vilameá,
en Sabadelle (Chantada).
Decoración retirada



Fondo de Vila
en S. Fiz de Laxe
(O Saviñao)



Composición de faixas perimetrais e arredor dos ocos, en Conforto, na Pontenova. Faixas baixo o abeiro no Corgo e en Teimende (Parada de Sil)

Arquitecturas finxidas en Naz (Sober), Carracedo (A Peroxa) e Nogueira (Taboada)

A lectura: saber ver os esgrafiados

Abordamos unha investigación patrimonial sobre os revestimentos decorados na Ribeira Sacra, até o presente pouco difundidos, por iso pretendemos axudar a unha lectura dos encintados e dos esgrafiados. Sabemos que un dos destinos probables da presente activación é o turismo, como factor dinamizador dunha área con enormes potenciais. Como recurso para o posible visitante, sen aspirar á profundidade na comprensión, limitámonos a facilitar a visión, que debe ser adaptada para un uso rápido, repetitivo, ameno e sinxelo. Para preparar o labor, imos trazar unhas guías xenéricas a seguir.

Na **localización**, son obras **dispersas pola Ribeira Sacra**, destacando en número e perfección as que se manteñen nos concellos de Taboada, Chantada, Carballedo, Sober, O Saviñao, Pantón, Quiroga e na Teixeira. No interior dun núcleo, aconsellamos procurar nas **edificacións deshabitadas**, que poden manter os revestimentos orixinais.

Na **datación**, estamos ante obras executadas no **século XIX e primeira metade do XX**. Polo elevado número conservado, arredor de un milleiro na Ribeira Sacra, remítenos a unha **moda valorada** no seu tempo.

Os **autores** son **albaneis locais**, coñecidos en algunhas comarcas como caleadores, podendo seguirse estilos e posibles escolas por zonas.

Atendendo á **técnica**, diferenciamos:

- **Encintado**, reenche e marca as xuntas de mampostaría, resaltándoas cara o exterior.

- **Grafito inciso**, trazados que se executan mediante cortes no revoco.

- **Esgrafiado**, presenta dúas camadas de revoco, con incisións e raspado na superficial, deixando á vista a camada inferior, provocando un xogo cromático e de texturas.


Poden aparecer varias técnicas combinadas nunha mesma obra, sendo contemporáneas ou respondendo a diferentes autores ou etapas na edificación.

Esteticamente, apreciamos na percepción **dous planos en xogo**:

- **Dúas cores en oposición**, o contraste cromático entre o branco do cal e o gris do recebo ou do fondo pétreo, a posibilidade de ver en positivo e en negativo, ou combinadas.

- **Dúas texturas diferenciadas**, fondo raiado e primeiro plano liso e caleado.





Recheos xeométricos: detalle en Solveira, Xinzo de Limia; con arquitecturas finxidas en Buín, Taboada; e falsas pedras escuadradas na Grixoá, Carballedo

Deseño xeométrico, con regra e compás, en Montefurado, Quiroga; trazos curvos a man alzada en Gondulfe, Taboada; que chegan á estilización vexetal en Gundivós, Sober

Na **composición** ou ordenación do muro, temos que distinguir:

- **Faixas perimetrais e arredor dos ocos**, delimitando o espazo ou marco decorado da fachada. Están trazadas con regra, acompañada algunhas veces con compás, podendo empregar plantas que se repiten.

- **Recheo interior**, que pode estar realizado con **formas xeométricas**, a regra, compás e plantas, ou con **trazos curvos a man alzada** (nos que resalta a Ribeira Sacra, especialmente no desenvolvemento da **vírgula** ou **gota**).

Nas **funcións**, podemos sinalar varias utilidades dos revestimentos decorados: **arquitectónica** (reforza o muro, evita humidades), **decorativa** (moda do seu tempo), **simbólica** (protección en determinadas formas como cruces e símbolos astrais), de **comunicación** (específica, convidar ao camiñante no caso de xerras e vasos; e xeral, como ornamentación), e **hixiénica** (polas propiedades antiparasitarias do cal).

Por último, en canto as **orixes**, sinalar que é **unha tradición cultural europea**, presente no norte de África. Na Península Ibérica véñense sinalando dous focos: Cataluña e Levante, de

ascendencia no Renacemento italiano; e **mu-déxar**, con formas do gótico tardío, que pode partir de Toledo e despunta en Segovia. Para as decoracións galegas interesa esta última vía, por ter **continuidade xeográfica e no tempo**.



Toiriz (Pantón)

Cal de
Mourelle,
en Taboada,
en 1992



Quintela,
en Laxe (Chantada).
Imaxe de arquivo

Esgrafitos e pintura mural


Vicente Risco, cando estuda a ornamentación da casa galega⁸³, sinala que o encintado lembra formas da arte das vangardas, referíndose os trazados con propensión á curva. Certamente as vangardas retoman elementos das artes que se viñan considerando populares e primitivas⁸⁴, liña a renovar na presente proposta de intervención, na que pretendemos experimentar desde a Ribeira Sacra, ao integrar esgrafiados e muralismo actual (graffiti), tradición e contemporaneidade na estética e mesmo na técnica dos revestimentos (agora incorporada na que se denomina como bioconstrución ou arquitectura ecolóxica).

83 Risco, Vicente, op. cit, pp. 723 a 725.


84 Ambos son, moitas veces, termos con connotacións clasistas e racistas.

Unir arte urbana contemporánea co esgrafiado histórico é unha experiencia levada a cabo na Alemaña, na Suíza, en Barcelona e Segovia. Tamén no rural, en localidades como Nava de la Asunción, en Segovia, ou en Mogarraz, en Salamanca, se recuperou a técnica combinada coa tradición nos revestimentos decorados. Sobre sae a fachada do Colexio Oficial de Arquitectos da Cataluña, en Barcelona, un exemplo do uso da técnica na modernidade⁸⁵.

85 Coa dirección do proxecto polo arquitecto Xavier Tusquets i Sindreu, realizado entre 1957 e 1962, decoráronse os frisos de formigón armado con esgrafiados murais, executados en 1960 con un chorro de area polo artista nórdico Carl Nesjar, baixo bocetos de Pablo Picasso. O tema, unha síntese no debuxo, ten que ver co mundo festivo catalán, como xigantes e cabezudos, e do ámbito infantil no particular universo de Picasso, e representa, no interior, unha paisaxe entre arcos e un grupo de danzantes.



Piñeira,
en Taboada,
en 1992



Hórreo en Moreda,
en Taboada, en 1992



Detalles na Laxe,
en S. Vitorio de Ribas
de Miño (O Saviñao)

Outras destacadas experiencias corresponden a algúns artistas con achegas ornamentais ou de deseño, mesturando os procesos artesanais e os novos gustos⁸⁶. Considerando o esgrafiado como a retirada de unha segunda camada do revoco, achamos na arte contemporánea variacións desta técnica⁸⁷. Para a experimentación nas paisaxes da Ribeira Sacra e arredor dos Camiños de Santiago por esta área, comezada coa incorporación de pintura mural en puntos significativos do territorio⁸⁸, debemos contemplar que tratamos de mostras de destrezas presentes nas vangardas, post-vangardas e nos movementos urbanos da arte da nosa época, como nas localidades arxentinas de

⁸⁶ Son, por exemplo, obras de Josep Guinovart, Modest Cuixart, Antonio Saura, Manuel Miralles ou Rafael Canogar, que empregan area e cal como materiais, e traballan con incisións e raspados.

⁸⁷ Así temos o interese polos materiais e os procesos técnicos do esgrafiado nas artes plásticas. O contraste entre camadas pódese rastrexar en pintores como Rembrandt ou Goya. Resaltar o raspado da última capa para que aflore a inferior ou *grattage*, desenvolvido por Max Ernst, que seguiron Paul Klee, Esteban Francés, Joan Miró e Antoni Tàpies, e segue en ilustradoras como Meritxell Ribas. Igualmente, na obra do arquitecto e pintor Nicholas Marc Bowditch, empregando a técnica do *unpainting*, que para deconstruír retira camadas de pintura, o mesmo que o israelita Yossi Kotler, e seguen nos nosos días os arxentinos Matías Ercole ou Andrés Bestard Maggio. Sen esquecer a continuidade da cerámica esgrafiada, por exemplo, na obra de Xavier Monsalvatje e Vicente Miró Soler, até con distancia en Penny Evans, de Nova Gales.

⁸⁸ O muralismo do proxecto *Un toque de cor na Ribeira Sacra*, abordado nos últimos anos polo Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, que pretende recuperar espazos degradados.



Tramo en Lamela de Arriba, en Pereira (Chantada), en 1992

Corrientes e Iguazú⁸⁹, e que parten de procesos xa abordados co esgrafiado histórico.

⁸⁹ No muralismo contemporáneo, unha manifestación artística do noso tempo, sinalar o traballo de arxentinos e brasileiros, como o colectivo *Arte Ahora*, nos anos finais do século XX, coa técnica do esgrafiado en proxectos como *Corrientes*, *Ciudad de los Muros*, nos seis murais destinados ao turismo no *Paseo de la Identidad*, en Puerto Iguazú, sen deixar de valorar a destacada aportación do portugués Alexandre Farto, *Vhils*, recoñecido autor da arte urbana ou graffitis, xa presente en galerías e museos, que pinta e descobre capas da fábrica do muro.



Itinerarios dos esgrafiados: patrimonio e turismo

En todas as áreas peninsulares os esgrafiados comezan a destacar nas últimas décadas en publicacións —fundamentalmente destinadas a potenciar o turismo cultural—, con intervencións paralelas que preservan unha riqueza en decoracións, nunha clasificación sempre difusa que delimita as populares e as eruditas. Así temos a forte aposta por preservar esta técnica de Valde-fuentes (Cáceres), que se promociona como “Capital Regional del Esgrafiado”; ou en Martorell (Barcelona), co seu itinerario dos esgrafiados.

Interesa, a modo de precursor, coñecer a fórmula de Mogarraz (Salamanca), onde se integran

a arte urbana do noso tempo con esgrafiados actualizados, implicando e revitalizando a memoria dos veciños, con retratos dos antigos moradores nas fachadas. Fotografía, pintura e tamén esgrafiados redeseñados, son unha mostra de como se pode intervir aproveitando as técnicas tradicionais, retomadas con mentalidade contemporánea, para recuperar a identidade de núcleos singulares destinados a potenciar o turismo cultural e ligado á natureza, neste caso en plena Sierra de Francia. Un modelo a considerar desde a Ribeira Sacra e os Camiños de Santiago por esta área, onde se iniciaron os traballos de embelezar algúns paramentos descoidados con pintura mural, e se comezou a recuperar unha pequena mostra das tradicionais decoracións con cal.



Igrexa de Lión,
en Portomarín

Na promoción e defensa dos esgrafiados destaca Segovia, usados como reclamo turístico prioritario, desde 1985 no listado de patrimonio da humanidade pola UNESCO, exemplos de recuperación que tamén seguiron Ávila, recoñecida no mesmo ano, e despois en Salamanca, en 1988. Outra mostra a considerar está na riqueza monumental de Évora, patrimonio mundial desde 1986, destacando as fachadas con esgrafiados; na Ciutat Vella de Barcelona, rescatando as ornamentacións modernistas do Eixample, instruindo a novos esgrafiadores especializados, animando o turismo, e implicando aos veciños na maior protección do patrimonio cultural.

Non faltan imaxes das decoracións nas fachadas en calquera publicación sobre Baviera, ilustradas co oficio que exerceron no pasado os seus propietarios, escenas de festas ou representacións da Paixón. De xeito semellante son apreciadas en Austria, en localidades como Sceteld ou en Kitzbühel, na zona dos Alpes, polo que se encadran na promoción do Tirol. Outro tanto acontece na República Checa, en cidades como Praga, Telč e Český Krumlov —incluídas en 1992 pola Unesco no listado do patrimonio da humanidade—, con casas medievais, góticas ou renacentistas decoradas con esgrafiados. E en Walata, na Mauritania, presentan os muros exteriores das vivendas embelecidas arredor dos ocos, unha obra realizada con motivos árabes polas mulleres, nunha poboación declarada patrimonio nacional da Mauritania, e tamén patrimonio da humanidade pola UNESCO desde 1996. O percorrido por outras latitudes ben pode levarnos a reflexionar sobre un potencial até o presente desaproveitado na Ribeira Sacra e arredor dos Camiños de Santiago.



Tímpano
da igrexa da
Aguada
(Carballedo)



Sobrecedo
(Taboada)



Taboada
dos Freires

A posta en valor de recursos patrimoniais precisa da adecuación turística, en concreto da inclusión en itinerarios dos elementos visitables. Debemos atender a satisfacción do cliente, non descoidar os sentimentos e as sensacións que o acompañan no seu paso polas paisaxes intervindas da Ribeira Sacra. O turismo cultural pode aproveitarse para dinamizar a área, recuperando o patrimonio para fomentar e posicionar un destino diferenciado, destacando os elementos que o singularizan para que os potenciais visitantes escollan. Desde esta base de partida, os revestimentos con cal son unha técnica histórica valorada en itinerarios culturais europeos e peninsulares, que calla na Ribeira Sacra, e que podemos empregar para distinguir a oferta turística.

Garantimos que as paisaxes humanizadas da Ribeira Sacra son moi chamativas. Natureza modelada ao longo dos séculos coa cultura do viño, encontro de camiños e de ríos, abondosas mostras da colonización monástica espallada polas ribeiras e aldeas enfeitadas con revestimentos decorados con cal. A revalorización dos esgrafiados representa unha oportunidade para preservar e desenvolver novas experiencias sobre unha parte do legado patrimonial, manter a identidade das comunidades locais activando os recursos propios no seu beneficio, e impulsar unha actuación máis integral sobre o territorio. Son os revestimentos decorados, recalcamos, un complemento que suma para diversificar e ofrecer novidosos contidos turísticos de calidade, para promover un turismo cultural sostible e interesado polas raíces da Ribeira Sacra.



Xedive, en Pereira
(Chantada)

Fontao,
en Vilela
(Taboada)



O Campo
de Abeleda,
na Teixeira





San Martiño
do Mato, en
Taboada, en 1992



Mostras visitables na Ribeira Sacra

Intervencións realizadas no ano 2017, baixo a coordinación do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, co patrocinio da Axencia de Turismo de Galicia. Escolléronse dúas restauracións de edificacións existentes, emprazadas en núcleos de interese cultural e paisaxístico, como son Montefurado, en Quiroga, e no Campo, en Taboada. E dúas execucións de obras novas, unha seguindo a técnica tradicional, en Barxacova, Parada de Sil, e outra incorporando a intervención de muralistas, na liña do proxecto xa iniciado polo Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra de mellorar paisaxes deslucidas con obras recentes, no conxunto histórico de Castro Caldelas.

Complementado coa implicación de escolares –xestionado por Velaísca Proxectos Educativos– e dos veciños, para o que se programaron obradoiros didácticos e coloquios sobre a técnica e a cultura do esgrafiado, a desenvolver en diferentes localidades da Ribeira Sacra. En 2017 tiveron lugar actividades nos centros escolares de Chantada (IES Lama das Quendas e IES Val do Asma), en Nogueira de Ramuín (CEIP Plurilingüe de Luintra) e no Saviñao (CPI Dr. López Suárez de Escairón), e coa veciñanza na Pobra do Brollón e no Campo (Taboada).

DECORACIÓN RECUPERADA

Casa do Camiñas, no Campo (Taboada)

Localización

Coordenadas: 42,6925090, -7,7732687

Lugar de Abelairas, de doada e accesible localización, a uns 700 metros da estrada N-540 (xusto a medio camiño entre Lugo e Ourense), sitio de paso e moi visible, por estar diante da igrexa parroquial de San Xulián do Campo.

Motivación da escolla

Edificación do século XIX, casa de labranza de notable entidade, realizada polo mestre canteiro Ramón Vilasante (que asina no hórreo). Habitada, sen problemas estruturais, o que garante a continuidade do soporte.

Na decoración do revestimento con cal sobre cachotería, destacan o recheo con trazos curvos delimitados por faixas perimetrais, entre eles resaltan un grupo de gaiteros (gaita, tamboril e bombo) e unha parella de danzantes. Sobre a portada presenta unha liña de vasos e botellas esgrafiadas.

Na contorna temos varios elementos de interese patrimonial e turístico inventariados. Igrexa parroquial con restos románicos, hórreo centenario con remates escultóricos (cazador e pombas sobre a cruz), cruceiro, pombal e palco da música. Un conxunto de arquitectura ben conservada, emprañado a carón do campo da festa parroquial, rodeado de castiñeiros e nogueira, nun espazo de considerable valor cultural e ambiental.

Restauración

Data de execución: outubro a decembro de 2017

Responsables técnicos: Carolina Sánchez e Francisco Xabier Bernárdez (Lenzos de Terra e Cal)

Promotor da restauración: Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra

Patrocinador: Axencia de Turismo de Galicia



DECORACIÓN RECUPERADA

Casa do Carteiro, en Montefurado (Quiroga)

Localización

Coordenadas: 42.3964360, -7.1981360

Localización accesible, a uns 600 metros da estrada N-120 (entre Monforte de Lemos e Ponferrada), lugar que pode verse desde a estrada, e no núcleo de Montefurado, que recibe aos visitantes en unha das entradas da Ribeira Sacra.

Motivación da escolla

Vivenda centenaria, de certa entidade, non habitada mais coidada, sen problemas nos muros.

Na decoración presenta dúas fachadas ao camiño de interese, realizadas sobre revocos de barro que cobren xisto. Unha, con esgrafiados lenticulares; a outra, con perpiaños finxidos e faixa con deseños baixo o abeiro.

Situada no núcleo histórico de Montefurado. Conserva interesantes mostras de arquitectura, algunhas rehabilitadas, outras bastante necesitadas de axuda. A recuperación de unha edificación pode animar a intervir aos outros propietarios.

Na contorna destacan a igrexa parroquial, de notables proporcións, exemplo de barroco rural con influencias foráneas. Lugar de paso do Camiño de Inverno a Santiago de Compostela, itinerario emerxente. Complementado polo río Sil e túnel de Montefurado, obra de minería romana.

Restauración

Data de execución: outubro a decembro de 2017

Responsables técnicos: Carolina Sánchez e Francisco Xabier Bernárdez (Lenzos de Terra e Cal)

Promotor da restauración: Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra

Patrocinador: Axencia de Turismo de Galicia



EXPERIMENTACIÓN MESTURANDO TÉCNICA TRADICIONAL E MURALISMO

Praza da Torre (Castro Caldelas)

Localización

Coordenadas: 42.377238, -7.415591

No núcleo histórico e forte medieval de Castro Caldelas, moi visitado na Ribeira Sacra, capital do concello e bisbarra do mesmo nome. Pódese chegar por diferentes estradas (OU-536, OU-601 e LU-903).

Motivación da escolla

Recuperación de muros nunha vivenda en espazo urbano, intervindo nunha edificación situada no conxunto histórico de Castro Caldelas, declarado en 1988, e no que abundan os encintados.

Próxima á fortaleza medieval, composta por pazo e castelo, en orixe da familia dos condes de Lemos. Sobresaen igualmente o santuario neoclásico dos Remedios e a igrexa de Santa Isabel, do século XVI. Destacar que polas rúas de Castro Caldelas discorre cada 19 de xaneiro o folión de vésperas de San Sebastián, unha cerimonia multitudinaria, moi común en tempos pasados nas festas da Ribeira Sacra, coñecida na localidade como *Festa dos Fachós*, igual que o percorrido do Irrio na procesión dos Remedios, lembrados aquí nos deseños murais do colectivo Cestola na Cachola.

O lugar de Castro Caldelas é un emprazamento acolledor de visitantes, e miradoiro sobre o río Sil ao seu paso pola Ribeira Sacra. Estamos retomando a técnica tradicional, combinada co muralismo contemporáneo, na liña de traballo iniciada polo Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra.

Restauración

Data de execución: outubro a decembro de 2017

Responsables técnicos: Carolina Sánchez e Francisco Xabier Bernárdez (Lenzos de Terra e Cal), e muralismo de Xoana Almar e Miguel Peralta (Cestola na Cachola)

Promotor da experimentación: Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra

Patrocinador: Axencia de Turismo de Galicia



EXPERIMENTACIÓN RECUPERANDO A TÉCNICA TRADICIONAL

San Lourenzo de Barxacova (Parada de Sil)

Localización

Coordenadas: 42.378081, -7.505141

San Lourenzo da Barxacova é un lugar moi concorrido por conservar próximo un sitio arqueolóxico de considerable importancia na expansión do monacato pola Ribeira Sacra, ao que se pode chegar desde a estrada que une Parada de Sil coa Teixeira (OU-0605).

Motivación da escolla

Edificación emprazada no aparcadoiro de acceso á necrópole e capela alto medieval de San Vítor de Barxacova, que aparecía en tixolo sen revoco exterior, polo que provoca un forte impacto negativo nos visitantes do conxunto arqueolóxico, un espazo degradado no que decidiu intervir o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra.

Por unha senda chegamos á desembocadura do río Mao co Sil, e podemos acceder a unha das necrópoles medievais máis extensas do noroeste peninsular. Posiblemente un asentamento monástico, na orixe unha posesión do mosteiro de San Lourenzo de Barxacova.

No concello de Parada de Sil hai numerosas mostras de edificacións decoradas con encintados e con esgrafiados. Na execución séguese a técnica e a estética tradicional dos revestimentos con cal da área (en concreto, do mosteiro de San Paio de Abeleda).

Restauración

Data de execución: outubro a decembro de 2017

Responsables técnicos: Carolina Sánchez e Francisco Xabier Bernárdez (Lenzos de Terra e Cal)

Promotor da experimentación: Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra

Patrocinador: Axencia de Turismo de Galicia







Labores de traza en 2017 de novos revestimentos en Castro Caldelas e Barxacova (Parada de Sil)

O testemuño dos impulsores

Quedei abraiada hai 5 anos coa inmensa colección fotográfica de esgrafiados da Ribeira Sacra que me presentou Xosé Manuel Vázquez -na compañía de Francisco Almuíña-, e quedo marabillada agora cos resultados acadados nesta primeira fase e co equipo de traballo que conformamos. Oxalá este proxecto de investigación e posta en valor sexa o modus operandi de outros moitos traballos futuros, ben sexa sobre o patrimonio arquitectónico ou sobre calquera outro recurso susceptible de converterse en atractivo turístico (pola parte que me toca). A todos grazas por terme aturado todo este ano.

Alexandra Seara

Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra

O equipo de Cestola coñecemos os esgrafiados grazas ao proxecto de recuperación de esgrafiados da Ribeira Sacra. Desde o punto de vista técnico gustounos coñecer tanto os materiais como o xeito de traballo, permitiunos entender as características do cal e as súas posibilidades como material construtivo. Desde o punto de vista estético pareceunos unha nova ferramenta dentro do muralismo (esixindo un novo xeito de repensar o deseño), moi atractiva pola súa historia e adaptación na contorna.

Cestola na Cachola

Muralistas

É un orgullo ter formado parte de este equipo que, segundo o noso criterio, soubo considerar todos os aspectos que forman parte do legado cultural, realizando a importancia de xerar conciencia e actuando desde a base: a educación. Así mesmo, sentímonos agradecidos pola confianza e a oportunidade de poder investigar sobre o terreo, crear e recuperar unha artesanía para nós tan valiosa.

F. X. Bernárdez e Carola Sánchez

Restauradores

A asociación cultural “Colado do Vento” apoia e coincide no labor de difusión propiciada polo Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra coa publicación do estudo de X. Manuel Vázquez (o que agradecemos a súa rigorosa contribución ó recoñecemento e defensa do noso patrimonio cultural); e co inicio das restauracións, que poñen en valor estas esquecidas artes do cal, feitas pola restauradora Carolina Sánchez.

Pedro Iglesias

Colado do Vento

Nas aulas introducímonos na técnica do esgrafiado cunha metodoloxía participativa, onde os xogos e o impacto visual de lugares próximos foron os grandes protagonistas. Preguntas de trivial, o rol de investigadores ou mesmo facer puzzles fixeron que, dunha forma lúdica, asentaran coñecementos e se converteran neste proxecto nunha parte fundamental: os grandes divulgadores desta técnica tan singular e identitaria da Ribeira Sacra. Redescubriron así outra mirada nas casas dos nosos devanceiros, valorando o patrimonio herdado e reflexionando sobre unha técnica e os seus materiais que ata o momento descoñecían.

Velaísca

Proxectos Educativos

Na Ribeira Sacra temos un rico legado sen explorar, semellaba inoportuno dalo a coñecer os turistas sen antes ser estimado polos propios habitantes. En 2017 o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra escolleu recrear unha nova imaxe desde un recurso esquecido, os revestimentos que van dos encintados aos esgrafiados, e deu apoio a un equipo multidisciplinar. Como participante na experiencia, a visión foi moi positiva. Agora é o momento de que a veciñanza e os visitantes xulguen o resultado.

Xosé Manuel Vázquez

Investigador



Remate

Dende ben nenos, algúns tivemos a fortuna de formar parte de equipos de persoas entusiasmadas, namoradas e comprometidas en construír comunidade, así como na defensa e valorización do rico e vasto legado patrimonial desta terra.

A pertenza a colectivos profesionais do turismo rural, e sobre todo a participación na asociación Barcas do Miño, deume a oportunidade de achegarme a persoas que, de xeito calado, profesional e nunca ben recoñecido, teñen dedicado boa parte da vida ao labor de coidado, recollida e difusión do patrimonio material e inmaterial da Ribeira Sacra.

Grazas a todas elas, en especial ao Xosé Manuel Vázquez, ou ao Anxo Moure, a algúns chegounos a posibilidade de coñecer e percibir de xeito novo moitos destes elementos patrimoniais esquecidos e pouco estimados; tamén de embarcarnos xuntos para contribuír na elaboración de propostas, na difusión e na posta en marcha de algúns dos innumerables recursos que a Ribeira Sacra atesoura.

De aí agroma o convencemento de que a recuperación patrimonial, os esgrafiados son boa mostra diso, sobre todo a relacionada cos sinais de identidade comunitarios, serve para sumar de xeito especial novas achegas á memoria colectiva, e para revitalizala, achegándoa aos máis novos, implicándoos na súa preservación e potenciación. Serven tamén para restablecer e dar a coñecer o que nos é propio; e sobre todo para engadir á oferta turística potentes elementos simbólicos que posibilitan experiencias únicas aos viaxeiros e facilitan as relacións entre estes e a veciñanza.

Se nos move o coidado e a conservación do patrimonio natural e cultural, a necesidade de fomentar a participación da veciñanza e dos visitantes e, sobre todo, a súa valorización, activación en beneficio de todos, dende o ámbito e os intereses do sector turístico temos un espazo privilexiado para contribuír ao seu desenvolvemento. Esta contribución deberemos facela procurando actividades económicas sostibles e facendo bo uso dos recursos que a contorna para o lecer ofrece.

As propostas de experiencias que integren vivencias recreativas e culturais, interactuando coa comunidade e o territorio, son tomadas hoxe como parámetros sociais de selección pola súa distinción e calidade. O día a día coas persoas que nos visitan nolo demostra.

Confío que o éxito deste proxecto anime definitivamente ao Consello Reitor do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra a apostar intelixentemente por fornecer de medios á xerencia para que incorpore persoas coas que traballar en equipo.

Así mesmo que albisquen que esta é unha proba decisiva das vantaxes que supón levar a cabo unha maior e mellor coordinación entre o sector privado, as institucións e administracións, para promover en calquera das súas estratexias, propostas que integren sobre todo ás persoas da comunidade, o medio natural onde estas viven e o patrimonio que herdaron, ademais do turismo. Só así, se garantirá a permanencia no tempo de calquera activación ao redor do patrimonio.

Francisco Xabier Almuíña Chorén

Presidente da Asociación Ribeira Sacra Rural





XUNTA
DE GALICIA *galicia*